3.2	CASA REITORAL VELLA DE SOÑEIRO	CAMPO DE SAR	SOÑEIRO	557.789	4.797.829		G-III			
5.14	CASA GRANDE CON CAPELA EN ESPÍRITO SANTO	O ESPÍRITO SANTO	SOÑEIRO	558.200	4.796.069					
5.16	VIVENDA E HÓRREO EN ALBORELLE	ALBORELLE	SOÑEIRO	557.994	4.797.587	ENGADIDO POLO PXOM				
5.19	CASA NO ESPÍRITO SANTO	O ESPÍRITO SANTO	SOÑEIRO	558.199	4.796.147	ENGADIDO POLO PXOM				
6.4	CASA E HÓRREO NAS VALÍAS	AS VALÍAS	SOÑEIRO	556.730	4.797.397	ENGADIDO POLO PXOM				
6.5	CASA E CUBERTO EN MANDÍN	MANDÍN	SOÑEIRO	557.292	4.797.832	ENGADIDO POLO PXOM				
10.22	HÓRREO I EN COSTA	COSTA	SOÑEIRO	557.788	4.797.734	ENGADIDO POLO PXOM				
10.23	HÓRREO II EN COSTA	COSTA	SOÑEIRO	557.824	4.797.841	ENGADIDO POLO PXOM				
10.24	HÓRREO EN CAMPO DE SAR	CAMPO DE SAR	SOÑEIRO	557.764	4.797.908	ENGADIDO POLO PXOM				
10.25	HÓRREO EN COIRO	COIRO	SOÑEIRO	557.498	4.796.976	ENGADIDO POLO PXOM				
10.26	HÓRREO NAS VALÍAS	AS VALÍAS	SOÑEIRO	556.888	4.797.618	ENGADIDO POLO PXOM				
10.38	HÓRREO EN MANDÍN	MANDÍN	SOÑEIRO	557.034	4.797.982	ENGADIDO POLO PXOM				
13.1	CAMPO DA FESTA DE ESPÍRITO SANTO	O ESPÍRITO SANTO	SOÑEIRO	558.003	4.796.380					
15.13	FORTE E LAVADOIRO DE ALBORELLE	ALBORELLE	SOÑEIRO	557.908	4.797.596	ENGADIDO POLO PXOM				

PARROQUIA DE VEIGUE (SANTA COMBA)

COD	DESIGNACIÓN	LUGAR	PARROQUIA	X	Y	OBSERVACIÓNS	PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA	D.P.M.T.	SERVIDUME DECOSTAS	ZONA DE INFLUENCIA DECOSTAS
1.8	IGREXA PARROQUIAL E CEMITERIO (PARTE VELLA) DE SANTA COMBA DE VEIGUE	CHAN DA ALDEA	VEIGUE	557.033	4.802.974		G-III			
2.9	CRUCEIRO EN CHAN DA ALDEA	CHAN DA ALDEA	VEIGUE	557.022	4.803.027					
5.15	CASA GRANDE DO CAMPO	CHAN DA ALDEA	VEIGUE	556.393	4.803.084	ENGADIDO POLO PXOM				
7.21	CASA CON CUBERTOS E HÓRREO NO QUINTÁN	O QUINTÁN	VEIGUE	556.849	4.802.811	ENGADIDO POLO PXOM				
10.35	HÓRREO I EN CHAN DA ALDEA	CHAN DA ALDEA	VEIGUE	556.911	4.803.072	ENGADIDO POLO PXOM				
10.36	HÓRREO II EN CHAN DA ALDEA	CHAN DA ALDEA	VEIGUE	556.863	4.803.032	ENGADIDO POLO PXOM				

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Igrexa Parroquial de Santo André de Carnoedo
LUGAR: Pedreira
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.663 Y 4.802.943

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Igrexa parroquial de planta rectangular dunha soa nave. Consta de tres volumes diferenciados en altura, a nave principal, o cruceiro que se eleva en altura, e a sancristía nun corpo baixo, na parte posterior. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscada, e cantería á vista en esquinais e ocós. A cuberta fórmase a dúas augas sobre a nave, a catro augas sobre o cruceiro e a dúas augas sobre o volume acaroado na parte posterior, todas elas con tella cerámica curva. Trátase dun templo de gran sinxeleza e austeridade ornamental. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso con arco rebaixado, unha ventá rectangular e a espadana de cantería á vista, rompendo a liña de cornixa. Nos laterais do tímpano dous pináculos de cantería rematan a composición. A gran espadana constitúese por un corpo con tres machóns unidos por arcos de medio punto e dúas campás. O remate realízase mediante un frontón triangular sobre cornixa, cun oco vertical e arco de medio punto. Ornáméntase mediante tres pináculos, o central cunha cruz superior. Cabe destacar a súa situación xeográfica á beira da ría de Sada.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Igrexa Parroquial de San Martiño de Meirás
LUGAR: Souto da Igrexa
PARROQUIA: San Martiño de Meirás


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.536 Y 4.800.727

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D1



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Igrexa parroquial de planta poligonal cun corpo cilíndrico con escaleira ó redor que leva ata o pórtico de acceso. O volume principal divídese en dúas zonas con alturas diferentes entre as que se sitúa un lucernario vertical. A cubrición realízase a unha auga sobre cada volume, con inclinacións opostas e tella cerámica curva. Nun extremo posúe unha simple espadana composta por dous machóns unidos por unha pequena cubrición e campás. Os muros atópanse enfoscados e pintados ou cun chapado en pedra. O conxunto péchase cun muro curvilíneo de cachotería.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Igrexa Parroquial de San Xián de Mondego
LUGAR: Quintán
PARROQUIA: San Xián de Mondego


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.343 Y 4.800.786

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D2/ OD-Z-D3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Igrexa parroquial de planta rectangular con capelas laterais nos pés da nave e cabeceira semicircular. O volume de entrada constitúese en forma de torre cuadrangular. Ó longo da nave o paramento elévase e a cubrición a dúas augas esténdese tamén a dúas augas sobre estas zonas elevadas. O conxunto atópase enfuscado e pintado e posúe ocos alongados con arcos de medio punto. A fachada principal consta de esquinais chapados en pedra e unha porta de acceso con arco de medio punto e un recercado formado polo mesmo tipo de pedra decorativa. Enriba sitúase un óculo. A torre remátase con esveltos pináculos.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Igrexa Parroquial e Cemiterio (parte vella) de San Nicolau de Mosteirón
LUGAR: A Esperela
PARROQUIA: San Nicolau de Mosteirón


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.575 Y 4.800.195

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-E2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Igrexa parroquial de planta rectangular dunha soa nave cunha capela de menor altura acaroadá ó muro da nave con orientación sur. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscada, e cantería á vista ó redor dos ocos. A cuberta fórmase a dúas augas sobre a nave e sobre a capela, con chapa de fibrocemento. Trátase dun templo de gran sinxeleza e austeridade ornamental. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso rectangular alintelada, unha ventá semicircular e a espadana de cantería á vista, sobre a cornixa. A gran espadana constitúese por un corpo con tres machóns unidos por arcos de medio punto e dúas campás O remate realízase mediante un frontón curvilíneo sobre cornixa, cun óculo e remate superior mediante pináculo e cruz de ferro. O cemiterio rodea á igrexa e posúe panteóns executados en estilo neoclásico. Trátase de enterramentos flanqueados por columnas con capiteis ornamentais e frontóns moldurados e cunha profusa decoración.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Igrexa Parroquial e Cemiterio (parte vella)
de San Xián de Osedo
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xián de Osedo



CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.440 Y 4.799.142

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Igrexa parroquial de planta rectangular dunha soa nave, con cabeceira recta a menor altura que a nave principal. Posúe unha capela de menor altura acaroadada ó muro da nave con orientación sur. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscada. A cuberta fórmase a dúas augas sobre a nave e sobre a cabeceira, con chapa de fibrocemento. Trátase dun templo de gran sinxeleza e austeridade ornamental. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso rectangular alintelada, unha ventá rectangular e a espadana de cantería á vista, sobre a cornixa. A espadana constitúese por un corpo con tres machóns unidos por arcos de medio punto e dúas campás O remate realizase mediante un frontón curvilíneo sobre cornixa, con dous pináculos laterais, e remate superior mediante pináculo e cruz de ferro. O cemiterio posúe panteóns executados en estilo neoclásico. Trátase de enterramentos flanqueados por columnas con capiteis ornamentais e frontóns moldurados e cunha profusa decoración mediante volutas e cruces.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Igrexa Parroquial Vella de Santa María de Sada
LUGAR: Sada de Arriba
PARROQUIA: Santa María de Sada


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.426 Y 4.800.705

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XVII-XX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Igrexa parroquial de planta rectangular dunha soa nave e grandes dimensións. Posúe dous volumes acaroados un a cada lado da cabeceira, de menor altura. Os muros atópanse enfuscados con cantería á vista en ocos. A cuberta fórmase a dúas augas sobre a nave, a tres e dúas augas sobre os volumes acaroados, todas elas con tella cerámica curva. Trátase dun templo do século XVII construído sobre unha antiga capela do século XIII e reconstruído posteriormente cando se lle abriron novos ocos para a entrada de luz, só conserva a fachada principal da etapa barroca. Esta fachada presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso rectangular alintelada, unha ventá rectangular e a espadana barroca rompendo a liña de cornixa. A fachada atópase enfuscada cos esquinais, ocos e a espadana en cantería á vista. A cornixa ten forma curvilínea e rematando os esquinais colócanse dous pináculos. A espadana constitúese por un corpo con tres machóns unidos por arcos de medio punto e dúas campás. O remate realízase mediante un frontón con óculo e pináculo central partindo o arco da cornixa e cunha cruz metálica como remate. Cabe destacar a súa situación xeográfica á beira da ría de Sada.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Igrexa Parroquial de San Xián de Soñeiro
LUGAR: Costa
PARROQUIA: San Xián de Soñeiro

CÓDIGO DO ELEMENTO:


1-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-05
OD-Z-G2

GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.675 Y 4.797.726



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Igrexa parroquial de planta rectangular cunha soa nave e cabeceira recta. Posúe uns volumes acaroados todo ó longo do muro norte, con menor altura que a nave principal. A cubrición resólvese a dúas augas, a prolongación do aleiro cobre os volumes laterais, con tella cerámica plana. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscada, con cantería á vista en esquinais e ocós. Consta dunha porta no muro lateral da nave. O testeiro posúe cornixa de cantería con dous pináculos moi ornamentados rematando os esquinais tamén de cantería e cruz de pedra central. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso rectangular alintelada, cunha moldura superior coa forma dun arco de medio punto. Enriba atópase unha ventá rectangular cun balcón de pedra e balaustrada de ferro, e a espadana de cantería á vista, rompendo a liña de cornixa. Os esquinais remátanse con pináculos ornamentais de pedra. Ademais consta dunhas volutas espirais que unifican a cornixa curvilínea. A espadana constitúese por un corpo con tres machóns unidos por arcos de medio punto e dúas campás. O remate realizase mediante un frontón triangular cunha cruz de ferro.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Igrexa Parroquial e Cemiterio (parte vella)
de Santa Comba de Veigue
LUGAR: Chan da Aldea
PARROQUIA: Santa Comba de Veigue

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-8


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.033 Y 4.802.974

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-01
OD-Z-B2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Igrexa parroquial de planta rectangular dunha soa nave e cabeceira recta. Atópase rodeada en tres dos seus catro costados polo cemiterio vello, formando un conxunto. A igrexa posúe dous volumes acaroados no muro norte da nave, con menor altura. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfoscada, e cantería á vista en esquinais e ocos. A cuberta fórmase a dúas augas sobre a nave e a tres sobre a cabeceira, con chapas de fibrocemento. Trátase dun templo de gran sinxeleza e austeridade ornamental. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso rectangular alintelada, unha ventá rectangular e a espadana enfoscada e pintada, rompendo a liña de cornixa. Constitúese por un corpo con tres machóns unidos por arcos de medio punto e unha campá. O remate realízase mediante un frontón triangular sobre cornixa, cun oco trilobulado. Nos laterais sitúanse dous sinxelos pináculos e unha cruz de ferro central. Ante a porta de acceso construíuse un pórtico con cubrición a unha auga con tella cerámica curva e sostido por dous piares de unha peza de granito cos capiteis moldurados.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Capela de San Mamede
LUGAR: O Chan da Aldea
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-9

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.300 Y 4.802.641

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Capela de planta rectangular e unha soa nave con cabeceira recta e pequenas dimensións. Sitúase nun cruce de camiños, próxima ás vivendas. Os paramentos atópanse enfoscados e pintados, os esquinais e marcos de ocos resólvense mediante molduras de cemento pintadas noutra cor. A cuberta fórmase a dúas augas con chapas de fibrocemento. Trátase dun templo de gran sinxeleza e austeridade ornamental. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso alintelada con arco ornamental de medio punto superior, unha pequena ventá con arco de medio punto abucinado e a espadana enfoscada e pintada. Consta dunha cornixa horizontal sobre a que se elevan nos esquinais pináculos ornamentais. Enriba sitúase outra cornixa en posición central onde se apoian dous pináculos laterais e a espadana constituída por dous machóns unidos por un arco apuntado con campá. O remate realízase mediante un frontón triangular sobre cornixa, cun oco trilobulado. Nos laterais sitúanse dous sinxelos pináculos e unha cruz de ferro central.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Capela da Milagrosa
LUGAR: Piñeiro
PARROQUIA: San Martiño de Meirás


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-10

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.976 Y 4.800.939

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Capela de planta rectangular dunha soa nave acaroadada a outra edificación ó lateral sur da nave. Os muros atópanse enfuscados e pintados cos recercados de ocós executados en cemento. A cuberta fórmase a dúas augas. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso con arco de medio punto, un óculo e unha espadana rompendo a liña de cornixa. Consta de un corpo con tres machóns unidos por dous arcos apuntados e un óculo central, cun remate triangular. Posúe solo unha campá, dous esveltos pináculos laterais e unha cruz central rematando o conxunto.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Convento, Capela e Xardíns das Siervas de María
LUGAR: Machado
PARROQUIA: San Nicolau de Mosteirón

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-11

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico


CALIFICACIÓN: --

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
G-III (arqueolóxico)

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.670 Y 4.799.570

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-E2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA:

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Convento

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificación de planta rectangular formada por un corpo cúbico de tres andares no que destaca a existencia dunha torre de catro plantas nunha das esquinas. A cubrición resólvese con chapas de zinc a dúas augas sobre o volume central e no esquinall no sentido perpendicular formando pinche co paramento vertical. Ábrense pequenas bufardas decoradas. Os muros atópanse enfuscados e pintados cos esquinais e marcos de ocos en cantería á vista. Posúe unha gran cantidade de ocos, cunha disposición regular e simétrica e composición clásica. Os linteis dos ocos están moldurados con forma de arco conopial sobre capiteis na planta superior e a porta de acceso. Nas catro alturas da torre e na planta baixa posúen a forma de arcos alintelados. A torre remátase con almeas e pequenas ménsulas unidas por arcos. O edificio atópase rodeado por un xardín de grandes dimensións con numerosas especies vexetais e limitado por un muro de cachotería enfuscada con enreixado superior decorativo.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Capela de San Roque
LUGAR: O Castro
PARROQUIA: San Xíán de Osedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-12

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.271 Y 4.798.905

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Particular. Familia Arias de Castro

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Capela de planta rectangular dunha soa nave con cabeceira recta. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscada, e cantería á vista en esquinais e ocos. A cuberta fórmase a dúas augas con tella cerámica curva á mesma altura. O templo é de gran sinxeleza e austeridade ornamental. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso alintelada, un gran escudo labrado en cantería, unha ventá con arco rebaixado e a espadana barroca. Nos laterais do tímpano dous pináculos de cantería rematan a composición. Rompendo a cornixa sitúase a espadana de cantería que posúe un corpo con tres machóns unidos por arcos de medio punto e dúas campás. Sobre a cornixa superior elévanse dous pináculos laterais e no centro un frontón ornamentado con volutas e unha cruz de pedra como remate.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Capela de San Roque
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-13

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.584 Y 4.800.240

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-E4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Concello de Sada

USO ACTUAL: Dotacional

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Capela de planta rectangular dunha soa nave. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscados con cantería á vista en esquinais e ocos. A cubrición é a dúas augas con tella cerámica curva. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central superpóñense unha porta de acceso con arco rebaixado, unha ventá con arco de medio punto, un óculo e un campanario con estrutura de ferro. A cornixa superior ten forma arqueada e posúe pináculos de cantería rematando os esquinais. Rompendo esta cornixa sitúase a torre formada por unha estrutura que semella un enreixado modernista, con dúas campás e remate superior de cruz.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Capela do Espírito Santo
LUGAR: O Espírito Santo
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-14

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.045 Y 4.796.245

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-07
OD-Z-H2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX-XX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Capela de planta rectangular dunha soa nave. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscada e pintada. Presenta unha cuberta a dúas augas con chapas de fibrocemento. Trátase dun templo de gran sinxeleza e austeridade ornamental, límitase a unhas liñas que forman molduras en cemento. A fachada principal presenta un esquema pentagonal, no eixo vertical central atopamos a porta rectangular de acceso alintelada e a espadana rompendo a liña de cornixa. Posúe un corpo formado por dous machóns unidos por un arco de medio punto e campá e un remate con un frontón triangular coroado por unha cruz. Na parte posterior sitúase un volume acaroado ó principal pero de menor altura e que se prolonga cara ó lateral.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cemiterio Parroquial de Carnoedo (parte vella)
LUGAR: Pedreira
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-15

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.830 Y 4.802.966

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Cemiterio

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cemiterio parroquial constituído por numerosos volumes de estilo neoclásico. Acolleen os enterramentos en módulos de tres ringleiras verticais flanqueados por columnas con volutas ornamentais formando os capiteis. As columnas soportan unha cornixa decorada e na parte superior atópanse as cruces sobre peañas con volutas e outras figuras ornamentais intercaladas. A gran maioría atópanse pintadas en branco. A súa situación xeográfica é privilexiada, ó borde dun cantil na ría de Sada.

AFECCIÓN:

Elemento afectado pola servidume de protección de costas. Terase en conta a Disposición Transitoria 4ª e os artigos 24 e 25 da Lei de Costas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cemiterio Parroquial de Mondego (parte vella)
LUGAR: Ameixeiral
PARROQUIA: San Xíán de Mondego



CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-16

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.759 Y 4.801.301

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-C2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Cemiterio

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cemiterio parroquial constituído por numerosos panteóns de estilo neoclásico. Posúen columnas con capiteis ornamentados que sustentan volumes con frontóns triangulares moldurados e remates con cruces e bolas. A gran maioría atópanse pintadas en cor branco.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cemiterio Municipal de Sada (parte vella)
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada


CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-17

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.591 Y 4.801.011

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Concello de Sada

USO ACTUAL: Cemiterio

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cemiterio parroquial no que destacan varios panteóns de estilo neogótico e neoclásico. Sitúanse formando un conxunto visual. Posúen unha estrutura de arcos apuntados en portas e muros laterais e pilastras ornamentais. Tamén constan de pórticos ante os accesos, formados por columnas con capiteis decorados e fachadas organizadas en varios planos. Frontóns triangulares apuntados e cruces rematan as composicións. A gran maioría atópanse pintadas en branco.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cemiterio Parroquial de Soñeiro (parte vella)
LUGAR: Campo de Sar
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro



CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-18

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.951 Y 4.797.854

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-05
OD-Z-G2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Cemiterio

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cemiterio parroquial constituído por numerosos volumes de estilo neoclásico. Algunhas columnas que flanquean os enterramentos posúen fuste salomónico e capiteis moi ornamentados soportando cornixas molduradas. Os remates execútanse con frontóns, figuras e cruces. A gran maioría atópanse pintados en branco.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro en Campo das Mantas
LUGAR: Campo das Mantas
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo



CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Espazo Libre
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.535 Y 4.802.829

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito con plataforma enterrada, sobre a que se asenta un pedestal cuadrangular que remata con chafráns. O varal é de sección cadrada con chafráns nos esquinais e pequenas ménsulas que soportan o capitel, posúe unhas pezas de ferro utilizadas para as reparacións. O capitel é cuadrangular con cuarto bocel. Enriba aséntase a cruz de sección cuadrangular e pedestal inferior. No seu anverso encóntrase a imaxe de Cristo crucificado con tres cravos, mans abertas, cabeza inclinada cara á dereita, coroa de espiñas e pano de pureza anoado á esquerda. Na parte superior atópase unha cartela coa palabra INRI labrada. No reverso non posúe imaxe.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro en Torrón
LUGAR: Torrón
PARROQUIA: San Martiño de Meirás


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.737 Y 4.800.891

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D1



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito con plataforma enterrada, sobre a que se asenta un pedestal cuadrangular que remata con chafráns. O varal é de sección cadrada con chafráns nos esquinais e pequenas ménsulas que soportan o capitel, posúe unhas pezas de ferro utilizadas nas reparacións. O capitel é cuadrangular con cuarto bocel. Enriba aséntase a cruz de sección cuadrangular. No seu anverso encóntrase a imaxe de Cristo crucificado con tres cravos, mans abertas, cabeza inclinada cara á dereita, coroa de espiñas e pano de pureza anoado á esquerda. Na parte superior atópase unha cartela coa palabra INRI labrada. No reverso non posúe imaxe.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro en Ameixeiral
LUGAR: Ameixeiral
PARROQUIA: San Xíán de Mondego


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Local Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.759 Y 4.801.216

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de tres chanzos sobre a que se asenta un pedestal cúbico que remata con chafráns. Posuía unha mesa acaroadada da que solo se conservan as columnas de granito, pero non a peza horizontal. O varal é de sección octogonal, comeza e remata con ángulo nos esquinais e ademais posúe elementos de ferro utilizados para as reparacións. O capitel é cuadrangular con cuarto bocel. Enriba aséntase a cruz de sección cuadrangular coa imaxe de Cristo crucificado con tres cravos, no anverso. Ten as mans abertas, a cabeza inclinada cara á dereita, coroa de espiñas e pano de pureza anoado á esquerda. Na parte superior sitúase unha cartela coa palabra INRI inscrita, moi deteriorada. No reverso non posúe imaxe.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro no Castro
LUGAR: O Castro
PARROQUIA: San Xíán de Osedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.256 Y 4.798.908

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de tres chanzos con voo sobre a que se asenta un pedestal cúbico que remata con molduras. O varal é moi esvelto, de sección cadrada con chafráns. O capitel é cuadrangular con astrágalo liso e ábaco de lados curvos e vértices con chafráns. A decoración resólvese con volutas, follas e cabezas de anxos con ás. Enriba aséntase a cruz de sección cuadrangular, cos brazos con mediacana e remates florenzados con botón central. No seu anverso encóntrase a imaxe de Cristo crucificado con tres cravos, cabeza inclinada cara á dereita, mans abertas, coroa de espiñas e pano de pureza anoado á dereita. Na parte superior sitúase unha cartela coa palabra INRI labrada. No reverso aparece a Virxe en actitude de orar, sobre peaña dun anxo con ás.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro en Pazos
LUGAR: Pazos
PARROQUIA: Santa María de Sada


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.514 Y 4.801.165

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito. A plataforma é cuadrangular de catro chanzos executada en formigón, sobre a que se asenta un pedestal tamén cuadrangular de formigón. O varal ten sección cadrada que diminúe coa altura. O capitel é cuadrangular con astrágalo liso, ábaco cos lados lisos e vértices con chafráns. A decoración está realizada mediante volutas e follas de acanto. Enriba aséntase a cruz de sección cuadrangular. No seu anverso encóntrase a imaxe de Cristo crucificado con tres cravos, cabeza ergueita, mans pechadas, coroa de espiñas e pano de pureza anoada á dereita. Na parte superior inscríbese a palabra INRI nunha cartela. No reverso non posúe imaxe.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro en Sada de Arriba
LUGAR: Sada de Arriba
PARROQUIA: Santa María de Sada


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.388 Y 4.800.671

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito, con plataforma troncopiramidal sobre a que se asenta un pedestal cuadrangular que remata con bocel e mediacana. O varal é de sección octogonal e comeza cadrado. O capitel ten forma cilíndrica con astrágalo circular liso e ábaco cos lados curvos e os vértices achafranados. A decoración realízase mediante volutas e follas. Enriba aséntase a cruz de sección cuadrangular cos brazos con chafráns e remates florenzados. No anverso sitúase a imaxe de Cristo crucificado con tres cravos, mans abertas, cabeza ergueita, coroa de espíñas e pano de pureza anoadado á esquerda. No reverso atópase a Piedade.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro en Costa
LUGAR: Costa
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.653 Y 4.797.732

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-05
OD-Z-G2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de dous chanzos formada por pezas de cantería. Enriba aséntase un pedestal cuadrangular. O varal é de sección cadrada con arestas achafranadas e base con decoración moldurada. O capitel ten forma cuadrangular con astrágalo circular liso e ábaco de lados rectos, ornamentado con volutas. Sobre o capitel sitúase a cruz de sección rectangular cos brazos achafranados e remates florenzados con botón central. No seu anverso encóntrase a imaxe da Virxe con Cristo nos brazos.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro en Espírito Santo
LUGAR: O Espírito Santo
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Espazo Libre
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.992 Y 4.796.390

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-07
OD-Z-H2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de dous chanzos, un deles enterrado, sobre a que se asenta un pedestal cuadrangular. O varal é de sección cadrada con chafráns, de nova execución. O capitel ten forma cilíndrica con astrágalo circular e ábaco de lados rectos. A decoración realízase mediante volutas e follas. A cruz situada enriba do capitel, posúe sección cuadrangular cos brazos con chafráns e remates florenzados con botón. No anverso atópase a figura de Cristo crucificado con tres cravos, mans pechadas, cabeza inclinada cara á dereita, coroa de espiñas e pano de pureza suxeito cunha corda. No reverso a Piedade con Cristo en brazos.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Cruceiro en Chan da Aldea
LUGAR: Chan da Aldea
PARROQUIA: Santa Comba de Veigue


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-9

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (consideración de B.I.C. consonte
ao Decreto 571/1963 do 14 de Marzo)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.022 Y 4.803.027

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-01
OD-Z-B2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Cruceiro construído en granito, con plataforma enterrada sobre a que se asenta un pedestal cúbico cos paramentos recadrados e rematado con bocel e mediacana. Posúe unha mesa acaroada formada por unha peza de cantería de sección cuadrangular coa parte superior en voo. O varal ten sección octogonal e comeza e remata cadrado. O capitel é cuadrangular moldurado e enriba aséntase a cruz de sección cuadrangular e executada en formigón.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa Reitoral Vella de Meirás e Finca
LUGAR: Souto da Igrexa
PARROQUIA: San Martiño de Meirás


CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Remitido a PEONR (incluído en AI)
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.467 Y 4.800.664

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D1



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa reitoral

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Abandonado

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Ruinoso

DESCRICIÓN:

Edificación composta por dous volumes acaroados, un de planta rectangular e o outro formando unha L, con diferentes alturas. Na actualidade están invadidos pola vexetación e abandonados resultando inaccesibles.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a segregación ou parcelación da finca.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa Reitoral Vella de Soñeiro
LUGAR: Campo de Sar
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro

CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
G-III (arqueolóxico)

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.789 Y 4.797.829

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-05
OD-Z-G2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa reitoral

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Abandonado

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Ruinoso

DESCRICIÓN:

Edificio de planta rectangular con muros portantes de cachotería e cantería, enfuscados, en estado de ruína. Posuía dous andares. Non conserva a cubrición e na actualidade o seu interior está invadido pola vexetación e abandonado. A propiedade rodéase por un muro de cachotería que tamén se atopa cuberto de maleza e nun estado ruinoso. No interior inda se conserva unha pía bautismal.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a segregación ou parcelación da finca.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: CEIP e IES O Mosteirón
LUGAR: A Esperela
PARROQUIA: San Nicolau de Mosteirón


CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.580 Y 4.800.136

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-E2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura civil

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: CEIP e IES O Mosteirón

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

O Centro ten a súa orixe nun proxecto do ano 1953 para crear un orfanato de fillas de pescadores. Para elo, adquiriuse unha parcela de gran superficie e refórmase o edificio que xa existía, unha casa de indiano. Prolóngase a edificación pola parte posterior para facer un módulo destinado a dormitorios, comedores, capela e outros servizos. Nace así o Colexio-Residencia con capacidade para 30 alumnas, das que se fai cargo unha Comunidade Relixiosa: En anos posteriores vanse adquirindo novos terreos e realizándose ampliacións de volumes e alturas. O edificio ten planta en L con numerosos anexos de diferentes alturas. O volume principal, de tres andares atópase enfuscado e pintado en branco, con cuberta de tella. Cabe destacar a gran galería de madeira que abrangue dúas plantas na fachada principal apoiada sobre columnas e que forma un pórtico diante da entrada. Así como a vexetación de palmeiras que fan referencia á súa orixe como casa indiana.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: CEIP "Sada y Sus Contornos"
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada



CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.664 Y 4.800.841

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura civil
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX (1.928)

PROPIETARIO: Concello de Sada
USO ACTUAL: Escola
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

A construción deste edificio foi un proxecto exemplar dun grupo de emigrantes sadenses que en torno a 1920 vivían en Nova York. Unidos na sociedade "Sada y sus contornos" comprometidos coa súa terra e conscientes de que a educación era o motor da sociedade, emprenderon o proxecto de construír na súa terra natal unha escola que ofrecese aos nenos de Sada as oportunidades que antes non tiñan. Co esforzo destes emigrantes levantouse este fermoso palacete de amplos ventanais para ter a iluminación e a ventilación adecuadas, e con fermosas vistas sobre a ría. Estaba dotado de luz eléctrica e auga corrente nun tempo no que a maioría das casas non contaban con tales servizos e ademais tiña unha ampla biblioteca. Na actualidade segue funcionando como escola. Cabe destacar a fachada modernista con numerosos motivos ornamentais. As portas de acceso conservan o enreixado con decoración de tipo xeométrico.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Edificio "A Terraza"
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada


CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral
COORD. U.T.M.: X 560.687 Y 4.800.261

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura civil
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: 1.905-1.910

PROPIETARIO: D.P.M.T. (concesión por R.O. 20/07/1922)
USO ACTUAL: Hosteleiro
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: A Terraza é unha construción modernista, realizada con madeira, ferro e vidro, que se atopa no Paseo Marítimo. Construíuse en 1.912, nos Xardíns de Méndez Núñez de A Coruña, formando parte dos quioscos que se construíron a comezos do século XX na cidade, ata o seu traslado en 1.920 a Sada tras unha serie de reformas. Na actualidade está dedicada ó ocio, é un restaurante onde tamén se celebran concertos e outros actos. Esta fráxil estrutura se caracteriza pola utilización de novos materiais como a madeira ferro e cristal e unha cuberta de chapas de zinc que substitúe ás lonas que cubrían as terrazas do século XX. Consta de dúas plantas pechadas por unha membrana de vidros de cores, cun deseño de rítmicos módulos verticais alternando tramos estreitos e anchos. Na súas formas ondulantes e ovaladas se adiviña a inspiración naturista do estilo modernista, creando uns alegres ambientes propios para a finalidade de ocio e recreo do edificio. Para romper coa horizontalidade alternanse elementos verticais e as dúas elevacións nos extremos. Na súa orixe tiña escaleiras nos testeiros que era o habitual nas terrazas da época, no traslado a Sada sofre reformas, a porta sitúase no centro da fachada e sobre ela ábrese un balcón. Pese a ser construído como unha arquitectura "efímera", o seu traslado e restauración a converteron nun símbolo de Sada.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Antigo Local Social no Chan da Aldea
LUGAR: O Chan da Aldea
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.182 Y 4.802.649

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura civil

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Sen uso

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular moi alongada e volumetría sinxela cun único andar. Sitúase ó longo da estrada con outra vivenda acaroada nun dos testeiros. Os vans ocupan toda a fachada principal. Trátase dunha distribución regular de seis eixes constituída por dúas portas, con ventás ós lados de cada unha. Os marcos posúen unha composición xeométrica de cemento, pintadas en branco. As carpinterías son de madeira nas que se desenrolan motivos ornamentais que forman figuras de tipo xeométrico. Ademais destacan outros elementos decorativos executados en ferro. As ventás posúen contras de madeira cara ó interior. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica plana. Trátase dunha edificación singular que foi salón de baile e escola nacional.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Antigo Salón de Baile en Tumbadoiro
LUGAR: Tumbadoiro
PARROQUIA: San Martiño de Meirás

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.730 Y 4.800.427

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D1



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura civil

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Sen uso

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela, un cun único andar. A estrutura resólvese con muros de cachotería enfuscados e pintados con alegre colorido e nos que destacan as molduras de cemento noutra cor. Ten unha composición de tres vans por fachada con linteis decorados con caras e motivos xeométricos. Nos esquinais atópanse pilastras e un remate de cornixa ornamental. Trátase dunha edificación singular adicada a salón de baile.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Antigo Salón de Baile en Carta
LUGAR: Carta
PARROQUIA: San Xíán de Mondego

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.776 Y 4.800.697

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura civil

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Edificación en ringleira e cara á estrada con outras edificacións acaroadas. Consta de planta rectangular e volumetría sinxela cun único andar e baixo cuberta. Os muros atópanse enfoscados e pintados destacando os recercados e molduras de cemento ó redor dos ocos e nos esquinais. A fachada ten unha estrutura regular de seis eixes con ocos de gran tamaño. Contan cunha decoración mediante motivos xeométricos. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica curva. A súa importancia ten que ver con que fora un salón de baile.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento da altura e do número de plantas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Antigo edificio de Actividades Portuarias
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada



CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-4
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Estrutural para a fachada
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.633 Y 4.800.767

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura civil
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura racionalista
CRONOLOXÍA: Principios S. XX

PROPIETARIO:
USO ACTUAL: Varios
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación illada de aspecto singular. Consta de planta cuadrangular adaptada á parcela e dous andares. A fachada principal correspóndese coa que da ó mar, ante a que fora rampa de carga e descarga de embarcacións pesqueiras, rampa do Cargadoiro. Na composición da fachada domina a horizontalidade, a pesar de que a disposición dos ocos sexa vertical. Isto pódese observar no elemento de protección das ventás do primeiro andar ou no voo da cornixa de remate. Cabe destacar a decoración das carpinterías dos ocos mediante motivos xeométricos, así como o óculo do andar superior que recorda os ocos dos barcos. A cubrición resólvese a catro augas.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento da altura e do número de plantas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Antiga Escola Unitaria
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xián de Osedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.724 Y 4.798.946

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura civil

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Concello de Sada

USO ACTUAL: Centro de Formación Ocupacional

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación illada, de planta rectangular, simétrica, dun andar e dous nos esquinais. Na fachada principal sitúanse dous accesos, un en cada extremo, cunha escaleira de tipo monumental. As portas márcanse cos linteis en forma de arco rebaixado. O tramo intermedio de fachada ten unha composición sinxela mediante unha serie de ocos de directriz vertical, mentres que a distribución de ocos nos paramentos laterais resulta máis irregular. A cubrición resólvese a dúas augas sobre o tramo central, e a catro augas sobre os volumes de maior altura. Sitúase nun entorno de tipo boscoso. Esta edificación inaugurouse no ano 1.934 para acoller as Escolas Nacionais de Osedo, e polo tanto consta dunha importancia de tipo histórico. Actualmente acolle o Centro de Formación Ocupacional.

Os volumes das plantas altas son engadidos alleos á edificación orixinal. No caso de intervención no edificio analizarase a posibilidade de restituír o volume orixinal do edificio.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo de Meirás
LUGAR: Piñeiro
PARROQUIA: San Martiño de Meirás


CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-1 I de IV

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Remitido a Plan Especial de Protección
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral (B.I.C. sitio histórico)
G-III (arqueolóxico)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.189 Y 4.800.973

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura pancega

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

(Decreto 299/2008, de 30 de diciembre)

"III.I Descripción de las partes integrantes:

A) La finca: Las Torres de Meirás se sitúan próximas a la parte central de una gran propiedad, cerrada sobre sí en la zona elevada de una ladera que domina un amplio valle. El edificio muestra una solidez de formas semejante a la de las estructuras medievales. Rodea el conjunto un fuerte muro de piedra que forma ángulo recto en los límites norte y este, y que se adapta al trazado de la carretera Meirás-Santa Cruz por el oeste. En el momento en que se construyó el cierre existían tres parcelas que no habían sido añadidas a la propiedad entre las que se encuentra la de la Casa de las Conchas, por lo que el remate por el margen sur se aleja de la carretera, que discurre paralela al frente norte a una cota inferior.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo de Meirás
LUGAR: Piñeiro
PARROQUIA: San Martiño de Meirás

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-1 II de IV

DESCRIPCIÓN:

B) Los accesos: Se accede a la finca a través de un portalón de hierro forjado delante del que se conserva una de las garitas de control de cantería. Desde aquí, un camino conduce por el interior hasta la casa de los caseros y continúa entre una masa arbolada y bordeada de elementos decorativos, cara a la fachada oeste del Pazo. Además de esta entrada existe otra de similares características en el extremo noroeste de la parcela, que comunica con la fachada norte de la edificación principal. Finalmente, cerca de la Casa del Guarda, en el frente sur que da a la carretera, se sitúa un portón de madera entre dos pilares de hormigón que sustituye el elemento que, posiblemente en una época relativamente reciente, constituía una tercera entrada orientada a la fachada principal sur de las Torres. Desde ella se accede a la parte inferior de la finca y al camino que discurre pegado al muro de cierre que llega a la antigua granja. Está en la cota mas baja de la parcela, de la que parte el primer montículo que va ascendiendo con una ligera pendiente hasta llegar a la escalinata situada en el frente de la fachada sur, y que desembarca en la cota de la explanada sobre la que se yergue el edificio. Desde esta misma entrada se inicia otro camino delimitado por un muro de piedra que contiene el terreno de este segundo montículo, en el que se sitúa la edificación principal. Apoya sobre uno de sus tramos un emparrado, a partir de él el camino está empedrado con losas y bordeado de magnolios. En la parte más alta, antes de llegar a la explanada de la casa de los caseros, se deja a la izquierda el espacio donde aún se conservan las fuentes del antiguo jardín de la granja de Meirás. Este acceso confluye con el que hoy está en uso y que lleva al edificio principal.

C) El edificio principal:

El volumen: La construcción que se denomina Torres o Pazo de Meirás forma un vasto polígono irregular, en el que se elevan tres torres cuadradas en esquina, de distinta altura y almenadas. Las dos torres de la fachada oeste están unidas por un cuerpo más bajo que acoge la capilla; entre las torres de la fachada sur existe otro cuerpo, también de menor altura, en el que está la portada principal de acceso, que aloja el vestíbulo. El edificio se implanta sobre la finca descrita anteriormente, con la fachada principal orientada cara al sureste, en cuyo extremo se yergue la llamada Torre de la Quimera. Se trata de una construcción con planta en L en cuanto a su funcionamiento interior, al que se le añade un cuerpo por el extremo norte de proporciones similares al que alberga la escalera, y entre los que se crea un pequeño patio a través del que se iluminan y ventilan fundamentalmente las dependencias del servicio.

La planta y las cubiertas: Las estancias se distribuyen en dos plantas a excepción de las torres de poniente (con tres alturas) y la de la Quimera (con cuatro). Se cubren a cuatro aguas al igual que el volumen añadido por el frente trasero que además tiene una bufarda orientada cara a la fachada norte. El cuerpo de la capilla tiene un pequeño faldón a un agua y el resto cubierta curva. Sobre el vestíbulo de entrada y la escalera principal hay dos planos de cubierta en banzos, con pendiente y desagüe cara a la fachada principal. El resto de la cubierta es a dos aguas con faldones de distinta dimensión en función de la geometría de la propia planta.

Las fachadas: El frente principal del Pazo de Meirás, orientado al sureste, ve alterada su simetría por la diferencia de altura entre las dos torres que lo componen. El material empleado para su cerramiento es el granito, aunque existe una gran variedad en los tipos de aparejo, reservándose las mejores piezas de cantería para las esquinas, los vanos, remates y piezas singulares. En el cuerpo bajo se centra la puerta principal ornamentada, con los muros cubiertos por buganvillas que descuelgan desde la cubierta. Al no estar al nivel de la explanada que circunda el pazo, se accede a ella subiendo por una pequeña escalinata. En ambas torres, aunque de forma desigual, se busca la composición de los vanos. Todos ellos son de proporciones verticales y carpinterías de dos hojas, unos rematados con arco de medio punto y otros con dinteles horizontales.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo de Meirás
LUGAR: Piñeiro
PARROQUIA: San Martiño de Meirás

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-1 III de IV

DESCRIPCIÓN:

Incluso aquellos que se disponen corridos, siguen este mismo criterio separados por esbeltas columnas con sus capiteles, remarcando la verticalidad. Entre ellos destacan las elegantes ventanas de una de las torres, formadas por una triple arcada apoyada en columnas y balaustrada corrida del segundo piso, y los huecos en esquina de la siguiente planta bajo dinteles de cantería rematados en arco labrado en la misma pieza y apoyados sobre tres esbeltas columnas con capiteles. El balcón cubierto de la Torre de la Quimera es otro de los elementos singulares de esta fachada. Está soportado por tres poderosas ménsulas o modillones, con balaustrada de remate macizo sobre pequeñas columnas, en las que apoya la doble arcada que soporta la cubierta y en la que no faltan los elementos decorativos de épocas anteriores. La fachada este, abrazada por las hiedras que substituyen a los elementos decorativos, está integrada con el paisaje. Presenta la imagen de torre con un cuerpo pegado, en el que las partes macizas se ven interrumpidas por los numerosos vanos practicados para servir a las estancias de la zona noble, perfectamente orientadas en la planta primera que acoge los dormitorios. No es posible apreciar la calidad de las fábricas pero si el orden compositivo de la fachada, con huecos y carpinterías de las mismas proporciones, sencillos todos ellos, con una sola singularidad: el balcón corrido con baranda de hierro que asoma discretamente centrado en este cuerpo bajo. Hacia el norte la fachada de las dependencias del servicio, ofrece en apariencia una imagen de fábrica de cantería de pequeño tamaño, probablemente un aplacado. Existe una clara diferenciación entre los dos cuerpos del ala este: el de cubierta a dos aguas y el que podría haber sido añadido en algún momento para ampliar las torres y dotarlas de un área destinada a la servidumbre dentro de la propia casa. Al igual que sucede con el volumen prismático de la chimenea que parte de la cocina apegado a esta fachada salvando coherentemente los vanos practicados en ella; o el pequeño tiro de la cocina necesario, por otra parte, para ir adaptando el inmueble a las nuevas necesidades. Poco hay que decir sobre la organización de los huecos en este frente, de proporciones similares alineados por plantas en la supuesta ampliación y puede que reorganizados en la baja en el momento en el que la cocina fue remodelada. La única torre que tiene fachada al norte, aparentemente de cantería, cuenta con un único vano centrado en la primera planta que ilumina y ventila un dormitorio. En el piso siguiente, un vano en esquina, simétrico al de la otra torre. Finalmente cara al oeste, se presenta el lateral del área de servicio y el patio interior cerrado por una reja metálica, sin variación en la fábrica empleada ni en cuanto a proporciones y organización de vanos. En la fachada oeste, entre las torres, avanza el volumen de la capilla. Su frente está proyectado, con similar criterio constructivo, compositivo y ornamental que la fachada principal. Variedad en el tipo de aparejo, ordenación y tipología de vanos, elementos decorativos y escudos conforman su imagen. Alineados con el cerramiento de la fachada este y con el del cuerpo de servicio por el lado oeste, hay dos portadas, o pórticos exentos, que cierran la explanada que circunda el edificio por el frente trasero, organizándose así un pequeño patio al que se sale desde esta área de servicio. La situada al oeste parece que fue trasladada desde el muro que delimita la propiedad en el lugar en el que hoy hay un portón de madera, referido anteriormente como tercera entrada.

Los espacios interiores: De los departamentos de Meirás, es el vestíbulo el más destacable. Está centrado por un arco ante el que arranca la ancha escalera de granito, y el pasamanos de piedra, que se abre en dos ramas, torciendo en la derecha, para resolver la distinta altura de las dos alas del edificio, y desembocar en la galería que rodea el vestíbulo. Sobre el primer descansillo se encuentra una vidriera de colores. En el cuadrado posterior del vestíbulo, donde se situaban en otro tiempo parte de los numerosos volúmenes de la biblioteca de doña Emilia Pardo Bazán, un friso de madera y muebles de época, cuadros, tapices, armas y pergaminos. Las Torres de Meirás responden al esquema de dos alturas y fallado, dos torres con tres plantas, incluida la baja, y la de la Quimera con un tercer piso. Reservadas estas para alguno de los dormitorios, escritorios, bibliotecas, o salas de la familia, podríamos diferenciar en el resto de los espacios, la zona noble de la destinada a la servidumbre. Al oeste de la planta baja encontramos las dos torres de menor altura unidas por la

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo de Meirás
LUGAR: Piñeiro
PARROQUIA: San Martiño de Meirás

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-1 IV de IV

DESCRIPCIÓN:

capilla. A una de ellas se accede desde el vestíbulo al que en otra época era un despacho y hoy está habilitado como dormitorio. Tras él, un distribuidor previo al cuarto de baño y desde aquel, el acceso a la escalera interior que sube a la planta primera de esta torre. Desde este dormitorio tenemos el único acceso interior a la sacristía y a la capilla. En esta merece mención el interesante retablo de madera que encuadra a San Francisco. El techo es abovedado, con tribuna a la que se accede desde la planta superior de la otra torre. En la planta baja de esta se sitúa una biblioteca con acceso desde el vestíbulo que envuelve la solemne escalera. Los paramentos verticales están paneleados en madera barnizada, sobresaliendo los anaqueles llenos de libros y documentos cuyo valor se desconoce. El techo tiene una banda de artesonado perimetral y viguería y apontonado de madera a la vista. En el ala este se distribuyen, en el espacio destinado a la zona noble, dos «salones de respeto», y el comedor, rematando este cuerpo en un office y la cocina, ya vinculados al ámbito de la servidumbre. Estas dependencias están comunicadas por el interior y sólo se accede, desde el cuerpo principal, a las dos primeras salas. En el muro que las separa, coincidente con la base del lado norte de la Torre de la Quimera hay dos chimeneas de cantería con la cambota apoyada sobre columnas con capiteles esculpidos al igual que su cornisa. Una puerta a la derecha de la escalera principal da paso a un pequeño distribuidor en el que se sitúa el cuarto de aseo de cortesía y el ascensor cuyo volumen sobresale en el extremo sureste del patio. A partir de aquí se sitúa el amplio corredor de la zona de servicio, en la que en simetría con la cocina y office está la zona de lavado, dos estancias -en una de ellas está el cuadro eléctrico y la otra habilitada como dormitorio-, cuartos de aseo y la escalera que comunica con el área de servicio del primer piso. El esquema de la planta primera es idéntico a la descrita. Se mantienen el perímetro y en general los muros de carga transversales que van delimitando los cuerpos de la edificación. Por la escalera de servicio que acabamos de nombrar accedemos a los dormitorios de la servidumbre. El volumen de la capilla de mayor altura, es accesible a esta cota a través de la tribuna, y el cuerpo de la entrada principal, a doble altura, rodea el doble departamento que forma el vestíbulo. En una de las torres hay un despacho con acceso directo a la escalera de bajada al dormitorio que tiene acceso directo a la capilla. Encima de la sacristía, la escalera de subida a la planta segunda de la torre con acceso directo desde el corredor perimetral. Desde aquí otra puerta de entrada a la escalera de la tercera torre, que en este piso está ocupada por un dormitorio y su cuarto de aseo. Desembarcando por la rama de la derecha y salvando cinco peldaños, llegamos al distribuidor del ala este. En el encontramos la puerta del ascensor y desde él pasamos al amplio corredor a través del que se accede a las dependencias nobles de esta planta. Dormitorios y cuartos de aseo se distribuyen de una forma similar. En el extremo sur, pegada a la Torre de la Quimera, una escalera previa a la entrada de la única sala que en esta planta ocupa la superficie de esta torre. Ya en el segundo piso, las torres con su correspondiente dormitorio con cuarto de baño y el remate de las escaleras. En el caso de la Torre de la Quimera, en la que esta sigue subiendo, existe una pequeña variación con respecto al representado en la planta en lo tocante al núcleo de comunicación vertical. En este rellano hay una puerta que comunica con el fallado. En él se perciben parte de los daños del incendio sufrido por el pazo en el año 1978. Se ve la estructura de cubierta de cerchas metálicas roblonadas y el falso techo de la planta inferior colgando de la antigua estructura de madera, con los nuevos forjados de hormigón que debieron de sustituirla en el área afectada, fundamentalmente esta ala este."

O elemento contén un Cocoteiro de Chile, elemento pertencente ó "Catálogo galego de árbores senlleiras" dependente da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia. Elemento recollido neste catálogo, na ficha A-1 do apartado Patrimonio Natural.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa Grande en Torrón
LUGAR: Torrón
PARROQUIA: San Martiño de Meirás


CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Casa: estrutural/ Escudo: integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.761 Y 4.800.918

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificación de planta rectangular con dous andares e cuberta a catro augas de tella cerámica curva. Correspóndese cunha tipoloxía de casa rural colonial que conxuga as características da arquitectura tradicional culta coas reformas propias da arquitectura indiana. Da primeira etapa conserva elementos como o escudo heráldico labrado en cantería ou a cornixa executada con grandes pezas de granito. Posteriormente executouse o balcón corrido na fachada principal con ventás tipo galería pechando os laterais, aumentouse o tamaño dos ocos convertidos en grandes ventás que permiten unha maior ventilación e iluminación. Os muros atópanse enfuscados e pintados en cores claras. A liña de imposta marca a diferenza entre a planta baixa e a superior. Apréciase maior orde e certa simetría en fachada. O conxunto se completa cun gran xardín con especies exóticas como as palmeiras que singularizan a casa e xeran un paseo en torno a ela. Péchase cun muro de cachotería que limita a propiedade.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a segregación ou parcelación da finca.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa Barrié de la Maza na Granxa
LUGAR: A Granxa
PARROQUIA: San Xián de Mondego

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico


CALIFICACIÓN: --

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.132 Y 4.800.444

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura señorial

ADSCRICIÓN CULTURAL: Eclecticismo

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Fundación Barrié de la Maza

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular con dous andares e cubrición a dúas augas cun corpo que se interseca na parte central en posición perpendicular, á altura do baixo cuberta. No testeiro destaca un volume de galerías sobre esveltas columnas que forma un pórtico en planta baixa. A disposición de vans é regular e simétrica. Na fachada principal destaca o corpo central algo adiantado con respecto ó resto de paramentos. Os muros atópanse enfoscados e pintados destacando as molduras nos esquinais e marcos de ocos. Consta de balcóns con varandas de forxa ornamentais e sobre os linteis dos vans posúe unha decoración de tipo vexetal. A cornixa é singular cunha decoración en madeira. A cubrición desenvólvese con chapas de zinc. Destaca a enorme extensión do xardín con exóticas especies vexetais como palmeiras. O límite da propiedade execútase mediante un muro de cachotería á vista.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa en Ameixeiral
LUGAR: Ameixeiral
PARROQUIA: San Xián de Mondego

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.967 Y 4.800.998

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura señorial

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular con dous andares e outro volume no baixo cuberta situado na parte central e en posición perpendicular. O volume principal posúe cubrición a dúas augas e o que se eleva a catro, con tella cerámica curva. Na fachada principal e na posterior atópanse dous corpos con ventás acaroados. Posúe dous elementos singulares, o remate de cornixa con moldura decorativa e o acabado das fachadas do volume que sobresaie no baixo cuberta, con formas romboidais. Os muros están enfuscados. A disposición dos vans é regular e simétrica, con ocós de pequeno tamaño e tornarratos superiores. Nos testeiros á altura do baixo cuberta ábreanse ventás con forma de óculos. Cabe destacar o tamaño da cheminea, do xardín e o muro de peche da propiedade, executado en cachotería.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo de Fortiñón
LUGAR: Fortiñón
PARROQUIA: San Xián de Mondego

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.235 Y 4.801.160

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura pacega

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX



PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación con planta en forma de L constituída pola unión de dous volumes rectangulares con cuberta a dúas e tres augas de tella cerámica curva. Sobresae unha torre rematando un dos brazos, visible dende a estrada, este elemento é característico da arquitectura indiana. A torre ten planta cadrada con remate de impostas repetido en dúas alturas e soportadas por pequenas ménsulas. As fachadas posúen ventás de pequeno tamaño de tipoloxía tradicional coas carpinterías de madeira na liña do paramento. Os muros atópanse enfoscados e pintados en branco. O conxunto se completa cun xardín de grandes dimensións e con diferentes especies arbóreas. Cabe destacar un pombal de forma volumétrica cilíndrica e muros portantes de cachotería enfoscados. A propiedade límitase cun muro de cachotería.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo de Trasín
LUGAR: Trasín
PARROQUIA: San Xián de Mondego


CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRC
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural. Hórreo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.891 Y 4.800.511

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura pancega

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Paticular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificación de planta rectangular moi alongada e dous andares. Nos dous testeiros sitúanse dúas torres que se elevan por riba da cuberta pero non se aprecian en fachada. Unha delas posúe un aspecto defensivo, con pequenas ménsulas de cantería. A outra é unha torre pombal con beiril de pedra e pequenos ocos sobre o mesmo, con cubrición a catro augas de tella cerámica curva. A estrutura da vivenda é de muros de cachotería enfuscados, con cantería á vista en ocos, esquinais, cornixa, cheminea e a torre de aspecto defensivo. A cuberta é a catro augas de tella cerámica curva. A disposición dos vans é regular, con ocos de pequeno tamaño e carpintería na liña de paramento. Nun dos testeiros sitúase unha galería no andar baixo, que sobresaie en volume, enriba unha escultura en pedra. No centro da fachada posterior colocouse un pórtico cuberto ante a porta, de nova execución. O conxunto complétase con varios galpóns e cobertizos exentos e un hórreo de pedra. Cabe destacar a parcela axardinada de grandes proporcións na que se distinguen diferentes zonas, a de paseo, a de ocio, a deportiva, a de cultivo, etc., e a cantidade de especies vexetais de gran porte que posúe. O muro de peche da propiedade ten pouca altura e permite a visión do pazo dende o exterior. O portón de acceso está resolto cun enreixado ornamental franqueado por dúas columnas con remates decorativos

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa en Castelo
LUGAR: Castelo
PARROQUIA: San Xíán de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRC

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.416 Y 4.798.967

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-05
OD-Z-F2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA:

ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura indiana

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación indiana, de planta rectangular de dous andares cun elemento singular que remata o esquina, unha torre rectangular cunha altura máis. A cubrición resólvese a catro augas sobre a vivenda e tamén sobre a torre, con tella cerámica plana. As fachadas posúen gran cantidade de ventás cunha disposición ordenada e simétrica. As molduras ó redor dos ocos constitúense con cemento. Os muros atópanse enfuscados e pintados en cor clara. A porta de acceso posúe un enreixado ornamental que imita elementos vexetais. O conxunto complétase cun xardín con diferentes especies. A propiedade péchase cun muro formado por elementos de cemento executados nun molde.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa en Osedo
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xián de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRC

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.157 Y 4.799.068

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación con planta rectangular e dous andares no que se sitúa un corpo central elevado no baixo cuberta. Os muros atópanse enfuscados salvo a planta baixa na que se deixa a cachotería á vista semellando un gran zócalo. Na fachada principal á altura da planta alta existe unha galería de madeira apoiada sobre esveltos piares de fundición que forman un pórtico cuberto ante a porta de acceso. A cuberta resólvese a catro augas sobre o volume principal e sobre o corpo elevado, con tella cerámica curva. Cabe destacar a gran extensión do xardín con numerosas especies vexetais algunhas exóticas como as palmeiras. A propiedade péchase con un muro de cachotería á vista.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo do Castro de Samoedo
LUGAR: O Castro
PARROQUIA: San Xián de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-9

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Pazo: Estrutural. G-III (arqueolóxico)
Escudos: Integral (B.I.C)

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.215 Y 4.798.869

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura pacega

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XVIII

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificio de planta en forma de L con muros portantes de cachotería e cantería á vista. A cuberta resólvese a dúas augas sobre cada brazo con tella cerámica curva. Consta de dous andares, o superior correspóndese coa planta nobre á que se accede a través dun patín de cantería á vista, situado na fachada principal. A escaleira do patín atópase no centro da fachada, onde tamén se sitúa un escudo heráldico da familia, labrado en cantería. Na actualidade posúe un pórtico que cobre a entrada que é de nova execución. A disposición dos vans é irregular. O conxunto complétase cunha capela de planta rectangular e ábside semicircular, acaroada ó volume principal. A propiedade péchase cun muro baixo e enreixado decorativo na parte superior. A porta de acceso franquéase con dous elementos de cemento. A cantidade de árbores de gran porte que se atopan no xardín impide a visión do pazo dende o exterior.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo do Castro de Enriba
LUGAR: O Castro
PARROQUIA: San Xíán de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-10

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
G-III (arqueolóxico)

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.227 Y 4.798.806

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura pacega

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Edificio de planta rectangular de grandes dimensións, con dous andares e dividido na actualidade en dúas vivendas. A estrutura é de muros portantes de cachotería enfuscados e pintados e pezas de cantería en xambas, linteis e esquinais. A disposición dos vans é regular, os ocios son de pequeno tamaño no andar baixo e de maiores dimensións no andar alto, ó xeito das portasdaire, coas carpinterías de madeira na liña do paramento. Intercálanse balcóns corridos con balaustrada de reixa e ventás con galería de madeira, con algúns vidros de cores. Aprécianse modificacións posteriores en fachada, como a cubrición sobre uns dos balcóns. A cuberta resólvese a dúas augas con tella cerámica curva. O conxunto complétase con dúas escalinatas con varandas de formigón que se abren no muro de peche da propiedade, e que posúen columnas de formigón ornamentadas. O muro de peche posúe pouca altura e colócase, enriba do mesmo, unha balaustrada de ferro.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Pazo de Santa María de Sada
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada



CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-11

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-8
GRAO DE PROTECCIÓN: Pazo: Estrutural/ G-III (arqueolóxico)
Escudo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.791 Y 4.799.838

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-E4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura pacega

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular cunha torre no testeiro que dá á estrada. Ó seu carón sitúase o portón de acceso á propiedade con elementos de gran calidade labrados en cantería. O muro atópase enfuscado deixando á vista a cantería de xambas e lintel da porta, así como os esquinais. Sobre o lintel sitúase un escudo composto por varias pezas. Posúe un frontón triangular con moldura e cruz de brazos potenziados como remate. O volume da torre tamén posúe no lateral un escudo labrado en cantería. Consta de dous andares, con ventás só no superior onde se sitúa un balcón con varanda ornamental de reixa, no van central. As xambas e os linteis compóñense con cantería á vista e tornarratos superiores. Os muros están enfuscados a excepción dos esquinais de cantería. A cuberta resólvese a catro augas con lousa e a tres sobre o volume acaroado á torre, de planta rectangular alongado que se corresponde coa casa, con vistas ó mar. O conxunto complétase coa gran extensión do xardín con numerosas especies vexetais de gran porte e o muro de cachotería que limita a propiedade.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa na Avenida República Arxentina ("Villa Carmen")
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-12

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-8

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 561.160 Y 4.799.835

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-E4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura señorial

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vila indiana de grandes dimensións, con planta rectangular e dous andares. As fachadas posúen unha gran cantidade de vans e cunha disposición ordenada e simétrica. Os ocós son de gran tamaño para garantir a iluminación e a ventilación. Ademais posúen molduras decorativas e sobre a porta de acceso colócase unha decoración executada con cemento e policromada en cor claro. Tamén o esquinall márcase cunha moldura policromada na mesma cor, imitando á cantería. Os muros están enfoscados e pintados en cor clara. No testeiro existe unha galería que abrangue todo o lateral da vivenda á altura da planta baixa. A cuberta resólvese a catro augas con tella cerámica curva e aleiros en voo. Cabe destacar a situación central da vivenda na parcela e que ademais se coloca no lugar máis alto e visible, de maneira que destaca. Tamén son parte fundamental os xardíns que rodean a vivenda, que ocupan unha gran extensión e posúen diferentes e exóticas especies vexetais como as palmeiras. Toda a propiedade péchase cun muro alto de cachotería.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa con Escudo en Sada de Arriba
LUGAR: Sada de Arriba
PARROQUIA: Santa María de Sada


CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-13

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: SU-8
GRAO DE PROTECCIÓN: Casa: Ambiental. Escudo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.393 Y 4.800.647

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos (escudos)

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Abandonado

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Ruinoso

DESCRICIÓN:

Edificación formada por un volume principal de planta rectangular con dúas alturas e dous volumes anexos un en cada lateral dunha soa altura. A cubrición sobre o corpo principal realízase a dúas augas coa directriz perpendicular á liña de fachada, formando pinche, máis neste caso é horizontal, de chapa de fibrocemento. Un dos volumes acaroados cóbrese a tres augas con tella cerámica e o outro atópase na actualidade cuberto pola maleza en estado de abandono. Os muros están enfoscados e pintados en branco. Os marcos dos ocos resólvense en cemento, con formas decorativas e pintados en cores máis escuras. Destaca a existencia dun escudo enriba da porta de acceso.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa Grande con Capela en Espírito Santo
LUGAR: O Espírito Santo
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro


CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-14

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbanizable Delimitado
CALIFICACIÓN: --
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural. Escudos: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.200 Y 4.796.069

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-07
OD-Z-I2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos (escudos)

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular con grandes dimensións á que se lle engaden unha serie de corpos con diferentes alturas, uns acaroados e outros exentos. A vivenda ten dous andares, e unha parte na que se eleva con outro andar. Esta zona cóbrese a catro augas con tella cerámica curva, o resto a tres augas e a dúas dependendo do volume. Os muros posúen un recebado con liñas que semellan cantería. Nos ocos e nos esquinais colócanse molduras de cemento. A disposición de vans é ordenada e simétrica. No volume que sobresaie en altura executouse un balcón corrido en madeira, coa prolongación do aleiro de cuberta como cubrición. Posúe apoios de madeira en forma triangulada. Destacar a existencia de varios escudos labrados tanto no muro de peche na zona da entrada, como nos propios muros da edificación. Ademais no conxunto inclúese unha pequena capela. Un xardín de grandes dimensións rodea a vivenda. Posúe gran cantidade de vexetación foránea como as palmeiras que nos amosan o aire indiano do conxunto.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa Grande con Capela en Espírito Santo
LUGAR: O Espírito Santo
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-14 bis

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbanizable Delimitado




CALIFICACIÓN: --

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural.

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.200 Y 4.796.069

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-07
OD-Z-I2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Capela

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Consta de planta rectangular e pequena dimensión, cunha soa altura. Sitúase ante a entrada principal da Casa, coa fachada principal cara ó interior da propiedade e a cabeceira cara á estrada N-VI. Os muros da capela son de cachotería, enfuscados e pintados con zonas de cantería á vista como os aleiros. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica curva. A portada é de gran sinxeleza, conta coa porta de acceso e unha campá enriba do pinche. No testeiro sitúase unha cruz de pedra e dous pináculos decorativos nos extremos. Nos laterais ábrense dúas pequenas fiestras que iluminan o interior. Os falsos teitos son de madeira e o solado de plaqueta cerámica. Posúe tamén unha escaleira que baixa a uns enterramentos. No interior cabe destacar un retablo neoclásico de madeira cun cuadro pintado e situado entre dúas columnas de orden corintio e frontón semicircular. Esta estrutura utilízase como altar e está documentada como obra do taller compostelano de J. L. Pedre, cunha cronoloxía de finais do século XVIII.

A capela atópase afectada pola zona de servidume da estrada N-VI e supón unha dificultade para a ampliación de esta infraestrutura. No seu momento, o Ministerio de Fomento someterá a informe da Consellería de Cultura as actuacións previstas na estrada, co suficiente nivel de detalle que permita valorar a intervención máis adecuada e priorizando as solucións que eviten a súa desaparición.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa Grande do Campo
LUGAR: Chan da Aldea
PARROQUIA: Santa Comba de Veigue

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-15

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.393 Y 4.803.084

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-01
OD-Z-B2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificio de planta rectangular con dous andares e diversos volumes acaroados con diferentes alturas. A estrutura é de muros de cachotería e cantería en ocos e esquinais, enfuscados e pintados. Consta de dous andares e baixo cuberta. As fachadas posúen unha disposición de vans simétrica e ocos de pequeno tamaño con carpintería de madeira na liña de paramento e contras cara ó exterior. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica curva e cheminea de grandes dimensións. Posúe un pórtico de acceso de nova execución, con cuberta de tella apoiada sobre columnas molduradas de granito.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda e hórreo en Alborelle
LUGAR: Alborelle
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro


CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-16

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural/ Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH/ -
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Hórreo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.994 Y 4.797.587

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-05/ EX-06
OD-Z-G2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande
ADSCRICIÓN CULTURAL: Hórreo tipo "Mariñán"
CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Conxunto composto pola casa vivenda, un alpendre acaroado, un hórreo e unha ampla zona axardinada. A vivenda ten planta rectangular e volumetría sinxela con grandes dimensións. Consta de dous andares, con muros portantes de cachotería enfuscada e pintada e cantería á vista ó redor dos ocos. A disposición de vans en fachada é regular, os ocos son de pequeno tamaño con carpinterías de madeira. A cubrición é a tres augas de tella cerámica curva. O hórreo sitúase doutro lado da estrada. É do tipo Mariñán, de planta rectangular, estreito e alto. A suspensión realízase sobre tres cepas de cachotería, parcialmente enfuscadas. Os tornarratos sobre cada cepa son de cantería, rectangulares e de gran dimensión. A cámara é totalmente de madeira. Sobre os tornarratos colócase a grade horizontal constituída por catro vigas que se entrecruzan sobresaíndo os seus extremos, redondeados. A cámara péchase mediante pasaventos de madeira formados por doelas verticais e unha faixa en posición horizontal que reforza a estrutura. A cuberta resólvese a dúas augas con fibrocemento. O acceso faise por unha única porta no costal, sen escaleira construída.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa Grande con escudo no Castro
LUGAR: O Castro
PARROQUIA: San Xíán de Osedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-17

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza de NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Escudo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.258 Y 4.798.827

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Abandonado

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRICIÓN:

Edificación de tipoloxía popular, exenta e aliñada á estrada. Consta de planta rectangular, volumetría sinxela e gran dimensión. Posúe dous andares cunha estrutura de muros de cachotería á vista ou enfuscado e pintado, segundo a localización, e con cantería en esquinais e ó redor dalgúns ocos. Outros ocos posúen as xambas e os linteis de madeira. Os ocos son de pequeno tamaño coas carpinterías de madeira na liña de paramento. A cubrición resólvese a tres augas con tella cerámica curva, destacando a cornixa realizada con pezas de cantería. Atópase cuberta pola vexetación, que invade un escudo de pedra labrada situado na fachada principal que da á estrada. Sobre a porta de acceso, entre as dúas ventás. Trátase dunha edificación que puido formar conxunto cos pazos do entorno.

DETERMINACIÓNS:

Admítase a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa en Piñeiro
LUGAR: Piñeiro
PARROQUIA: San Martiño de Meirás


CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-18

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral de Espazo Libre
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural. Pezas labradas: Integral
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.196 Y 4.800.875

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular con dous andares e baixo cuberta. Sitúase ós pés do Pazo de Meirás, cun hórreo de pedra incluído no catálogo, ó seu carón. Trátase dunha edificación singular. Os muros son de cachotería con amplas zonas de cantería, enfuscados e pintados. Un dos laterais atópase revestido enteiramente de cunchas de mar. Ademais na fachada con vistas á estrada destacan dúas pezas de cantería, labradas con figuras, unha a cada lado da ventá. Esta zona cóbrese cun pórch. A disposición de vans é irregular, os ocos son de pequeno tamaño destacando os recercados e molduras en cemento. A cubrición resólvese a catro augas con tella curva, incorporando dúas bufardas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa no Espírito Santo
LUGAR: O Espírito Santo
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-19

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-5

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.199 Y 4.796.147

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-07
OD-Z-I2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Casa grande

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación que conta cunha importancia histórica e cultural por ter sido a residencia do catedrático de dereito Eduardo Vilariño Magdalena, destacado político liberal da Restauración, alcalde de Santiago de Compostela e presidente da Sociedad Económica de Amigos del País. Trátase dunha edificación exenta e aliñada á estrada. Consta de planta rectangular, volumetría sinxela e gran dimensión. Posúe dous andares e baixo cuberta e cubrición a dúas augas mediante tella cerámica curva. A composición de fachada é regular e simétrica, cunha disposición de cinco vans e de tres, segundo a fachada. Os ocos son de gran tamaño e as portas sitúanse en posición central. Os muros están enfoscados e pintados con alegre colorido marcando os recercados dos ocos e os esquinais.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda en Souto
LUGAR: Souto
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Hórreo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.497 Y 4.801.478

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-C3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura das agras coruñesas
CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: Conxunto de arquitectura popular composto pola casa vivenda, un hórreo, un alpendre e unha palleira. A tipoloxía de vivenda correspóndese coa denominada "arquitectura das agras coruñesas" na que a casa vivenda forma o corpo básico, de planta rectangular e volumetría sinxela á que se lle acaroan unha serie de corpos destinados a dependencias agrarias, con diferentes alturas. A vivenda aproveita a pendente do terreo para conseguir dous andares na zona de maior inclinación. A estrutura resólvese con muros portantes de cachotería enfuscada. Os ocos son de pequeno tamaño e a súa disposición irregular coas carpinterías de madeira colocadas na liña de paramento. A cubrición é a dúas augas con chapas de fibrocemento. A palleira atópase acaroada á vivenda e posúe maior altura. Os muros son de cachotería á vista, quedando nun dos seus lados aberta. A cuberta é de fibrocemento a dúas augas. O alpendre límitase a un espazo de almacenamento apegado á palleira constituído por unha cubrición apoiada sobre un esteo de madeira. O hórreo é do tipo Mariñán, elévase sobre dúas cepas, unha en cada extremo. A cámara é de madeira e apóiase sobre os tornarratos de cantería. A cubrición resólvese con chapas de fibrocemento a dúas augas. O conxunto complétase cunha ampla zona axardinada, na que os volumes construídos ocupan o centro.

DETERMINACIÓNS:

Admítase a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento da altura e do número de plantas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda, cubertos e hórreo en Muíño do Vento
LUGAR: Muíño do Vento
PARROQUIA: San Martiño de Meirás


CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRC
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Hórreo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.292 Y 4.800.188

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-E1



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular

ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura das agras coruñesas

CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular/ malo

DESCRICIÓN: Conxunto de arquitectura popular composto por dúas casas vivenda, unha serie de corpos acaroados destinados a dependencias agrarias, con diferentes alturas e un hórreo. As vivendas constan de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Unha delas en estado de ruína e invadida pola vexetación, con muros de cachotería á vista. A outra atópase en bo estado, con muros portantes de cachotería enfuscada e pintada. A cubrición é a dúas augas, con tella curva. Os ocos son de pequeno tamaño e a súa disposición regular. O hórreo é do tipo Mariñán, elevado sobre cepas de cachotería que se elevan sobre o muro que limita a propiedade. Os tornarratos son rectangulares, de cantería de granito e a cámara de madeira executada con doelas verticais. A cuberta resólvese a dúas augas con tella curva.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento da altura e do número de plantas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Conxunto singular na Cañota
LUGAR: A Cañota
PARROQUIA: San Martiño de Meirás

CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.947 Y 4.799.601

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-E2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Conxunto de arquitectura popular composto pola casa vivenda, un hórreo e varios corpos acaroados. A vivenda forma o corpo básico, de planta en forma de L e volumetría sinxela con grandes dimensións e un único andar. A estrutura resólvese con muros portantes de cachotería á vista e pezas de cantería en xambas, linteis, antepeitos e esquinais. Os ocos son de pequeno tamaño e a súa disposición irregular coas carpinterías colocadas na liña de fachada. A cubrición é a dúas augas de chapas de fibrocemento. Cabe destacar o acceso á propiedade que se realiza a través dun arco de medio punto de doelas de cantería, introducido nun muro de cachotería.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa e hórreo nas Valías
LUGAR: As Valías
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro


CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Hórreo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 556.730 Y 4.797.397

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-05
OD-Z-G2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura das agras coruñesas
CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Vivenda que se corresponde coa tipoloxía denominada "arquitectura das agras coruñesas" na que a casa vivenda forma o corpo básico, de planta rectangular e volumetría sinxela á que se lle acaroan unha serie de corpos destinados a dependencias agrarias con diferentes alturas. A vivenda ten dous andares e baixo cuberta, con muros portantes de cachotería enfuscados e pintados. A disposición dos vans é regular, os ocos son de pequeno tamaño, con carpinterías de madeira. A cubrición é a dúas augas de tella cerámica curva e cheminea. O hórreo é do tipo Mariñán, con cámara composta por doelas verticais de madeira e elevados sobre dúas cepas. A cubrición resólvese a dúas augas con tella curva.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento da altura e do número de plantas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa e cuberto en Mandín
LUGAR: Mandín
PARROQUIA: San Xíán de Soñeiro

CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.292 Y 4.797.832

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-05
OD-Z-G2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura das agras coruñesas
CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Conxunto de arquitectura popular composto pola casa vivenda e unha serie de corpos acaroados de diferentes dimensións. A tipoloxía de vivenda correspóndese coa denominada "arquitectura das agras coruñesas" na que a casa vivenda forma o corpo básico, de planta rectangular e volumetría sinxela con grandes dimensións á que se lle acaroan unha serie de corpos destinados a dependencias agrarias. A vivenda ten dous andares e baixo cuberta, con muros portantes de cachotería enfuscada e pintada. Os ocos son de pequeno tamaño e a súa disposición regular coas carpinterías situadas na liña de fachada. A cubrición é a dúas augas con tella cerámica curva e cheminea de grandes dimensións. Os anexos cóbrense a unha auga.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Dúas casas, cubertos e hórreo no Castro
LUGAR: O Castro
PARROQUIA: San Xíán de Osedo



CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza de NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Hórreo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.191 Y 4.798.663

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura das agras coruñesas
CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Conxunto de arquitectura popular composto por dúas vivendas, varios cubertos e un hórreo. A tipoloxía de vivenda correspóndese coa denominada "arquitectura das agras coruñesas" na que a casa vivenda forma o corpo básico, de planta rectangular e volumetría sinxela á que se lle acaroan unha serie de corpos destinados a dependencias agrarias, con diferentes alturas. As vivendas comparten a medianeira, unha ten dous andares e a outra inclúe tamén un baixo cuberta. Os muros son portantes de cachotería enfuscada e pintada. A disposición de vans en fachada é de dous eixes. Os ocos son de pequeno tamaño coas carpinterías de madeira colocadas na liña de fachada. A cubrición é a dúas augas de tella curva sobre cada volume, agás sobre os cubertos que se desenvolve a unha auga. O hórreo é do tipo Mariñán, situado na parte posterior das vivendas. Componse dunha cámara de doelas verticais de madeira. A cubrición resólvese a dúas augas con tella curva.

DETERMINACIÓNS:

Admítase a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa e hórreo en Quintán
LUGAR: Quintán
PARROQUIA: San Xián de Mondego


CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza de NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Hórreo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.474 Y 4.800.740

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura das agras coruñesas
CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Sen uso
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRICIÓN: Conxunto de arquitectura popular composto pola vivenda, varios anexos e un hórreo. A tipoloxía de vivenda correspóndese coa denominada “arquitectura das agras coruñesas” na que a casa vivenda forma o corpo básico, de planta rectangular e volumetría sinxela, cun único andar á que se lle acaroan unha serie de corpos destinados a dependencias agrarias. Os muros son portantes de cachotería con escasos ocos e de pequeno tamaño. A cubrición resólvese a catro augas con tella cerámica curva. O hórreo é do tipo Mariñán, elévase sobre dúas cepas e a cámara é de doelas verticais de madeira. A cubrición resólvese a dúas augas con tella curva, en mal estado. O conxunto consta dunha importancia de tipo histórico xa que formaba parte do complexo do pazo de Mondego, residencia do ilustrado Joseph Cornide no século XVIII. O edificio principal e a capela de San José foron derrubados nos anos 70 do século XX e polo tanto constitúe o derradeiro vestixio da súa existencia.

DETERMINACIÓNS:

Admítase a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento da altura e do número de plantas e a construción acaroada ou a ampliación dos volumes existentes. Admítase a segregación ou parcelación da finca.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa e hórreo en Beloi
LUGAR: Beloi
PARROQUIA: Santa María de Sada



CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza de NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Hórreo: Integral (B.I.C.)
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.720 Y 4.800.958

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura das agras coruñesas
CRONOLOXÍA: Superior a 100 anos

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Conxunto de arquitectura popular formado pola vivenda, un volume acaroado no testeiro e un hórreo. A vivenda ten planta rectangular e volumetría sinxela, con dous andares. A estrutura de vans é regular, con ocós de pequeno tamaño e a cubrición resólvese a dúas augas. O anexo comparte a mesma sinxeleza e un único andar, con cubrición a un auga. Cabe destacar que existe outra edificación acaroada ós testeiros. O hórreo é do tipo Mariñán, elevado sobre dúas cepas, con tornarratos de pedra e cámara de madeira. A cubrición é a dúas augas con chapas de fibrocemento. O valor do conxunto é de tipo histórico ó estar ligado a dúas figuras do mundo intelectual galego. Un deles é Ramón Suárez Picallo, xornalista e político galeguista, deputado a Cortes na II República e integrante fundador no exilio do Consello de Galiza. O outro, Xohán Antón Suárez Picallo, xornalista e activista político, cultural e agrario, fundador e dinamizador en Sada de diferentes entidades na II República.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Conxunto de vivenda muíño, canles e hórreo
LUGAR: Vertín
PARROQUIA: San Nicolao de Mosteirón

CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-9

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural



CALIFICACIÓN: Ordenanza NRC

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Canles: Integral
Hórreo: Integral (B.I.C.)

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.388 Y 4.800.267

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D3/ OD-Z-E3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Conxunto de arquitectura popular composto por unha vivenda, varios anexos e un hórreo. A súa importancia reside no feito de haber sido un muíño, así se pode observar nas canles de pedra que atravesan a parcela pasando por debaixo mesmo das edificacións. Na actualidade descoñécese que partes podan existir do que fora orixinal, no interior das construcións. Non sí, consérvanse zonas visibles no exterior como a lobada de pedra de gran anchura próxima ó hórreo, outra canle que discorre polo límite da propiedade e unha pequena balsa para estancar a auga na parte posterior da vivenda. O hórreo é do tipo Mariñán, elevado sobre dúas cepas e cunha cámara de doelas verticais de madeira. A cubrición resólvese a dúas augas con tella curva.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa muíño en Vertín
LUGAR: Vertín
PARROQUIA: San Xián de Osedo




CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-10

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRC
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Canles: Integral
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.488 Y 4.800.187

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-E3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Conxunto de arquitectura popular formado por unha vivenda e varios anexos. A súa importancia reside no feito de haber sido un muíño, así se pode observar nunha canle que discorre en paralelo á parcela. Na actualidade descoñécese si se conservan elementos orixinais, propios dunha construción de tipo muíño, no interior das construcións. Dende o exterior obsérvase a gran cantidade de auga que leva a canle. A edificación ten planta rectangular con algúns anexos acaroados e dous andares. A cubrición resólvese a dúas augas.

DETERMINACIÓNS:

Admítase a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivendas en Campo das Mantas nº33, nº34
LUGAR: Campo das Mantas
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural



CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.548 Y 4.802.637

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influenza urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivendas

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Está formado por dous vivendas simétricas compartindo medianeira. Os muros atópanse enfoscados e pintados en cores alegres, destacando os recercados e molduras de cemento pintadas en branco ó redor dos ocos, nos esquinais e formando liñas horizontais. Cada fachada ten unha estrutura de tres eixes, con disposición regular. En planta baixa sitúase a porta de acceso en posición central cunha ventá a cada lado. Os linteis e as xambas posúen motivos decorativos en cemento, e as portas de acceso elementos xeométricos executados en ferro. No andar superior ábreanse tres portas, a central con balcón sobre ménsulas e balaustrada de ferro moi decorada, as laterais co mesmo enreixado na liña de paramento. A cubrición é continua ó longo das dúas vivendas resolta a dúas augas con tella cerámica curva. Cabe destacara a cornixa tamén continua cunha decoración de pequenas ménsulas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda en Campo das Mantas nº35
LUGAR: Campo das Mantas
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.532 Y 4.802.745

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares e baixo cuberta. Sitúase ó longo da estrada con outro corpo dun andar acaroadado nun dos testeiros. Os muros atópanse enfoscados e pintados con alegres coloridos destacando en branco os elementos decorativos ó redor dos ocos e molduras horizontais de cemento. A fachada ten unha disposición irregular de vans, cunha parte na que se distingue unha estrutura de tres eixes. Os ocos son de gran tamaño con carpinterías de aluminio. En planta baixa sitúase unha porta e tres ventás e no andar superior sitúanse catro ventás, a de esquina semella dunha etapa posterior xa que carece da singular ornamentación con círculos e liñas. Destacan os elementos decorativos de tipo xeométrico situados baixo a cornixa de cuberta. No testeiro ábrese dúas grandes ventás cada unha nun esquina da planta superior, que tampouco posúen a decoración de círculos característica da fachada principal. A cubrición resólvese a tres augas con tella cerámica plana. Cabe destacar o portón de acceso ó xardín flanqueado por dous machóns de formigón cunha decoración xeométrica acorde cos paramentos da vivenda.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda con Linteis Cerámicos en Osedo
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xíán de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.253 Y 4.799.175

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influenza urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación composta por dous volumes acaroados de planta rectangular, un de dous andares e baixo cuberta e o outro dunha soa planta. Sitúase ó longo da estrada con outra vivenda apegada nun dos testeiros. Os muros atópanse enfuscados e pintados con cores intensas. As fachadas teñen unha estrutura de tres eixes. A disposición dos vans é regular e simétrica, con ocós de gran tamaño e carpinterías de madeira. Cabe destacar a existencia de molduras rectas sobre os vans, cunha profusa decoración nos linteis. As balaustradas sitúanse na liña de paramento executadas con elementos de formigón. A cubrición resólvese a dúas augas sobre cada volume, con tella cerámica curva.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Conxunto de dúas vivendas no Chan da Aldea nº29, 30
LUGAR: O Chan da Aldea
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.288 Y 4.802.647

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particulares

USO ACTUAL: Vivendas

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Conxunto de dúas edificacións acaroadas, de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Os muros atópanse enfuscados e pintados en alegre colorido destacando en branco os recercados de cemento ó redor dos ocos, cornixa, balcón, esquinais e liñas horizontais. As fachadas teñen unha estrutura regular de tres eixes. En planta baixa sitúanse as portas de acceso en posición central, con dúas ventás, unha a cada lado sobre as que se localizan uns linteis ornamentados. Na planta superior dunha das vivendas destaca un corredor todo ó longo da fachada apoiado sobre catro ménsulas ornamentadas con volutas. Consta dunha varanda simple metálica que tamén se sitúa nos ocos de planta baixa. O acceso ó corredor realízase a través dunha porta en posición central, ademais consta dunha ventá a cada lado. Entre cada oco sitúanse pezas de granito á vista. Na outra vivenda ábrese tres balcóns individuais, de granito en voo e con balaustradas metálicas. As carpinterías tradicionais substituíronse por unhas de aluminio. As cubricións resólvense a dúas augas con tella cerámica curva. Destacar a existencia de pequenas ménsulas decorativas baixo a cornixa.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda en Carta
LUGAR: Carta
PARROQUIA: San Xíán de Mondego


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.744 Y 4.800.733

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificación composta por tres volumes acaroados de planta rectangular e volumetría sinxela. O principal sitúase ó longo da estrada e posúe dous andares e baixo cuberta, apegado ó testeiro atópase un volume de dous andares cun pequeno corpo dun so andar no seu fronte, en liña co principal. Os muros atópanse enfoscados e pintados con alegres coloridos destacando en branco os recercados e molduras de cemento ó redor dos ocos, nos esquinais e formando liñas horizontais. O volume principal ten unha estrutura de fachada regular de tres eixes. Os ocos son de gran tamaño con carpinterías de madeira formando estruturas xeométricas. En planta baixa consta de tres portas con enreixados decorativos de protección. Na planta superior ábrese tres portas, a central con balcón sobre ménsulas molduradas e balaústres decorativos, todo executado en formigón. As laterais posúen os mesmos balaústres situados na liña de paramento. Os linteis acompañanse de motivos ornamentais en cemento. A cuberta resólvese a dúas augas con tella cerámica. O volume anexo dun andar posúe almeas como remate de fachada, ademais dunha porta de acceso e unha ventá coas mesmas características que os ocos do volume principal. O corpo posterior ten unha disposición de vans irregular, co mesmo tipo de ventás. A cubrición resólvese a dúas augas con chapas de fibrocemento.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda con Soportal en Osedo
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xíán de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.580 Y 4.799.242

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influenza urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Posúe dous corpos acaroados nos testeiros dunha soa planta. Os muros atópanse enfuscados e os recercados dos ocos realízanse con madeira. No andar superior ábrese unha galería de madeira todo o longo da fachada que dá á estrada. Esta galería está soportada polos muros do testeiro e dúas esveltas columnas de fundición centrais formando un soportal en planta baixa, por baixo da cota da estrada. As carpinterías de planta baixa son de madeira coas contras cara ó exterior. A cubrición resólvese a dous augas con chapas de fibrocemento.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda con Galería e hórreo en Osedo, nº13
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xíán de Osedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural. Hórreo: Integral
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.570 Y 4.799.217

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo



DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares e baixo cuberta. Sitúase ó longo da estrada con outras vivendas acaroadas, nun dos testeiros. Os muros atópanse enfusados con recercados e molduras de cemento ó redor dos ocos e formando liñas horizontais. No andar superior ábrese unha gran galería de madeira na fachada que dá á estrada apoiada sobre dous piares que posúen molduras na parte superior. Esta galería forma un pórtico cuberto ante a porta de acceso. A disposición dos vans é regular e simétrica, con ocos de gran tamaño, destacando a existencia de balcóns na planta superior con balastradas de formigón combinadas con outras de forxa na planta baixa. As carpinterías son de madeira. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica curva. Destacar a existencia dun muro baixo con enreixado de ferro decorativo que forma o límite entre a estrada e a propiedade. O hórreo é do tipo Mariñán. Elévase sobre dúas cepas de cachotería enfusada e cámara de doelas verticais de madeira. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica curva.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda en Osedo, nº14
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xíán de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.550 Y 4.799.205

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influenza urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Principios século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares e baixo cuberta. Sitúase ó longo da estrada con outras vivendas acaroadas, nun dos testeiros. Os muros atópanse enfoscados con recercados e molduras de cemento ó redor dos ocos, nos esquinais e formando liñas horizontais. A fachada ten unha estrutura de tres eixes con bufarda central. A disposición dos vans é regular e simétrica, con ocos de gran tamaño e carpinterías de madeira con contras exteriores. No andar superior os ocos posúen varandas de reixa decorativas, na liña de paramento. A cubrición resólvese a dúas augas sobre o volume principal e a catro sobre a bufarda, con tella cerámica curva.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda en Osedo, nº16
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xíán de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-9

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.518 Y 4.799.218

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares e baixo cuberta. Ocupa unha posición exenta ó longo da estrada co xardín situado no lateral. Os muros atópanse enfoscados con pilastras nos esquinais e recercados moi decorados, de cemento ó redor dos ocos. A fachada ten unha estrutura de tres eixes con bufarda central. A disposición dos vans é regular e simétrica, con ocos de gran tamaño e carpinterías de madeira. No andar superior os ocos posúen balcóns sobre ménsulas de formigón decoradas e con varandas de formigón ornamentais. Cabe destacar a decoración de caras sobre os linteis das ventás, así como a cornixa decorativa da bufarda. A cubrición resólvese a dúas augas sobre o volume principal e sobre a bufarda, con chapas de fibrocemento. Destacar a existencia dun enreixado de ferro decorativo de pouca altura ante a porta de entrada á vivenda que actúa como límite coa estrada. No lateral ábrese un portón de acceso á propiedade executado en forxa, con dúas columnas de formigón moi ornamentadas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda con Galería Lateral en Osedo
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xíán de Osedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-10

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.363 Y 4.799.150

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Sitúase exento pero próximo a outra vivenda, ó longo da estrada. A estrutura resólvese con muros de cachotería enfuscada e pintada. A fachada ten unha disposición de vans regular con estrutura de tres eixes. Ademais consta dun volume acaroadado ó testeiro cunha gran galería de madeira á altura do andar superior. En planta baixa a porta de acceso sitúase en posición central cunha ventá a cada lado e carpinterías de madeira e contras cara ó exterior. No andar superior ábreanse tres portasdaire con recercados e carpinterías de madeira e varanda constituída por balaústres torneados cara ó interior. A cubrición resólvese a catro augas con chapas de fibrocemento.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda con Galería en Osedo, nº5-7
LUGAR: Osedo
PARROQUIA: San Xíán de Osedo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-11

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural


CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 558.306 Y 4.799.126

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-06
OD-Z-F2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influenza urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Sitúase exenta nunha parcela con xardín e cobertizos na parte posterior. Os muros atópanse enfuscados e pintados en cor branca destacando os recercados dos ocos con gran colorido. A disposición de vans en fachada é irregular, en planta baixa ábrese dúas portas con carpintería de madeira. No andar superior sitúase unha ventá e o elemento máis destacable, unha galería de madeira cuberta pola prolongación do aleiro de cuberta e sostida por dous esteos de ferro nos esquinais. Posúe unhas molduras horizontais e elementos decorativos con motivos xeométricos. A cuberta resólvese a tres augas con chapas de fibrocemento.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda na Avenida de Sada y sus Contornos, nº25
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-12

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: SU-5

GRAO DE PROTECCIÓN: Estructural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.669 Y 4.800.936

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares e baixo cuberta. Sitúase ó longo da estrada, con outra vivenda acaroada nun dos testeiros. Os muros atópanse enfuscados con pilastras decorativas nos esquinais. A fachada ten unha estrutura de tres eixes cunha disposición dos vans regular. Os ocos son de gran tamaño con carpinterías de madeira decoradas con motivos xeométricos e marcos de cemento. No andar superior os ocos posúen balcóns con varandas de formigón decorativas, o central sobre ménsulas e os laterais na liña de paramento. Cabe destacar a profusa decoración ó redor dos ocos e sobre os linteis. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica curva.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda na Avenida de Sada y sus Contornos, nº55
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-13

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-5

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.732 Y 4.801.106

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Sitúase exento ó longo da estrada. A fachada principal forma pincho xa que a cuberta se desenvolve a dúas augas co aleiro paralelo á fachada lateral, de tella cerámica curva. Os muros atópanse enfuscados e pintados con alegres coloridos destacando en branco os recercados e molduras de cemento ó redor dos ocos. A disposicións de vans en fachada é irregular. A planta baixa posúe unha composición de tres eixes coa porta de acceso en posición central e un oco a cada lado. Posúen linteis e xambas ornamentados, a porta contén un enreixado de ferro con motivos xeométricos, e as ventás uns balaústres de formigón no antepeito. No andar superior ábrese unha porta con dúas ventás unha a cada lado baixo o mesmo lintel decorado. Posúe un balcón sobre ménsulas e con balaústres torneados e machóns nos esquinais, todo en formigón. Na fachada lateral ábrese dúas ventás no andar superior.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda na Avenida de Sada y sus Contornos, nº61
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-14

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado



CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-5

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.744 Y 4.801.139

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares e baixo cuberta. Sitúase ó longo da estrada con outro corpo dun andar acaroado nun dos testeiros que se utiliza como galpón. Os muros atópanse enfoscados e pintados con alegres coloridos destacando en branco os recercados e molduras de cemento ó redor dos ocos, nos esquinais e formando liñas horizontais. A fachada ten unha estrutura regular de tres eixes. Os ocos son de gran tamaño con carpinterías de madeira. A porta de acceso sitúase en posición central cunha ventá a cada lado en planta baixa. No andar superior ábreanse tres portas iguais polas que se sae a tres balcóns apoiados sobre pequenas ménsulas de formigón. Posúen varandas de formigón cunha profusa decoración de elementos vexetais. Nos linteis e xambas de planta baixa e alta, e nos esquinais tamén aparecen motivos ornamentais. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica curva sobre o volume principal e a dúas con chapas de fibrocemento sobre o galpón.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa no Carballo
LUGAR: O Carballo
PARROQUIA: Santo André de Carnoedo


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-15

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 559.190 Y 4.802.876

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-02
OD-Z-B3



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de
influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRICIÓN:

Vivenda que se corresponde coa tipoloxía denominada “arquitectura popular mariñeira”. Atópase illada, cun corpo acaroadado ó testeiro de menor altura. A vivenda consta de planta rectangular e dous andares mailo baixo cuberta, con cubrición a dúas augas de chapa de fibrocemento. Os muros atópanse enfuscados e pintados. A fachada cara á estrada posúe unha disposición de tres eixes, regular coa porta en posición central e unha ventá en cada lateral. O andar superior posúe a mesma composición, unha portadaire central con balaustrada interior de madeira e unha ventá a cada lado. Todas as carpinterías e os marcos son de madeira así como as contras cara ó interior da vivenda. Comeza a estar invadida pola vexetación.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda na Avenida de Sada y Sus Contornos
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-16


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Non Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PERI. Proponse como parte do Sistema Local de Equipamentos a ceder pola Área de Reparto do PERI.
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.755 Y 4.801.113

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Sitúase exento ó longo da estrada. A fachada principal forma pincho xa que a cuberta se desenvolve a dúas augas co aleiro paralelo á fachada lateral, de tella cerámica plana e cun remate ornamental en posición central. Os muros atópanse enfoscados e pintados destacando unhas liñas horizontais decorativas. A fachada principal posúe unha composición de tres eixes coa porta de acceso nun lateral e dúas ventás en planta baixa. No andar superior en posición central ábrese un balcón con varanda de balaústres torneados de formigón. En cada lateral dúas ventás con linteis cos esquinais en chafrán e antepeitos de formigón.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivienda muíño con hórreo en Machado
LUGAR: Machado
PARROQUIA: San Nicolao de Mosteirón


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-17

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NRH
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural. Hórreo: Integral
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.787 Y 4.799.928

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-E2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Sen uso

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares e baixo cuberta. Sitúase exenta, cunha gran parcela axardinada limitada cun muro que ante a porta de acceso atópase flanqueada con balaústres decorativos. A estrutura da vivenda resólvese con muros de cachotería enfuscada e pintada. A fachada ten unha disposición de vans regular con estrutura de tres eixes. Ademais o testeiro remátase cunha gran galería de madeira á altura do primeiro andar. As carpinterías son de madeira, cos marcos decorativos realizados en formigón e un balcón no van central rematado con balaustrada metálica ornamental. A cubrición resólvese a dúas augas con tella cerámica plana. No testeiro debaixo da galería sitúase a peza adicada a muíño, trátase dun pequeno volume cun arco por onde discorre a auga. Na zona posterior da propiedade existe un hórreo de tipo mariñán, de escaso tamaño e en mal estado de conservación. Elévase sobre dúas cepas e a cámara é de madeira.

DETERMINACIÓNS:

Admítese a posibilidade de ampliación de volume e aproveitamento da parcela consonte aos parámetros urbanísticos da ordenanza que resulte de aplicación, agás o aumento de altura.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivendas e hórreos en Ameixeiral
LUGAR: Ameixeiral
PARROQUIA: San Xíán de Mondego


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-18

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Remitido a P.E.O.N.R.
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Hórreos: Integral
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 557.680 Y 4.801.015

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-03
OD-Z-D2



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda popular de influencia urbana

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Particulares

USO ACTUAL: Vivendas

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado
CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental. Estrutural para a fachada
COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.771 Y 4.801.453

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-C4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares que se encontra compartindo unha das medianeiras con outra edificación. Posúe planta rectangular, e cubrición a dúas augas. A disposición de vans na fachada principal é regular e sinxela, consta dunha estrutura de tres eixes. En planta baixa sitúase a porta de acceso en posición lateral, e dúas fiestras. Na planta superior ábreanse tres ocos con proteccións de balaústres torneados de formigón. Destacan os linteis sobre os ocos que posúen unha decoración de tipo vexetal executados con molde de cemento. Os muros atópanse enfuscados e pintados en alegre colorido. A cornixa superior voa lixeiramente, sobre a que se executou o derradeiro andar nunha etapa posterior á orixinal.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda Mariñá en Sada de Arriba, nº11
LUGAR: Sada de Arriba
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-2.1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Remitido a PEPRI

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.356 Y 4.800.692

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura mariñeira

CRONOLOXÍA: Séculos XIX- XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Vivenda que se corresponde coa tipoloxía denominada "arquitectura popular mariñeira". Posúe planta rectangular exenta e dous andares, con cubrición a dúas augas de chapas de fibrocemento. A fachada cara á estrada posúe unha disposición regular dos vans, en planta baixa unha porta en posición central e unha ventá en cada lateral, con contras cara ó exterior. O andar superior posúe a mesma composición, unha portadaire central con balaustrada interior de madeira e unha ventá a cada lado. Todas as carpinterías e os marcos son de madeira. Na fachada lateral destaca á altura do segundo andar un corredor de madeira todo ó longo do paramento. Este corredor apóiase sobre canzorros de madeira e un esvelto piar central. Varios esteos de madeira sosteñen a cubrición de tella cerámica curva, entre eles colócase a varanda de madeira constituída por balaústres torneados. Os muros atópanse enfuscados e pintados nunha cor clara, coas carpinterías e balaustrada destacando polo gran colorido.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda do Pintor Francisco Lloréns en Sada de Arriba
LUGAR: Sada de Arriba
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-2.2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Remitido a PEPRI

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.334 Y 4.800.718

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-04
OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Edificación de planta rectangular e volumetría sinxela con dous andares. Sitúase ó longo da estrada, na posición de esquina, con outros corpos acaroadas ós testeiros. Os muros atópanse enfoscados e pintados, con recercados e molduras de cemento ó redor dos ocos, nos esquinais, no zócalo e formando liñas horizontais. A fachada ten unha estrutura de tres eixes coa porta de acceso en posición central en planta baixa, e unha ventá a cada lado. Os linteis posúen a forma de arcos rebaxados e a porta contén unha decoración realizada en ferro. No andar superior sitúase unha porta en posición central con saída a un balcón con varanda de ferro e motivos ornamentais. A cada lado ábrese unha ventá. Posúen tornachoivas superiores apoiados sobre ménsulas decorativas. As carpinterías son de madeira pintadas colocadas na liña de paramento. A cubrición resólvese a dúas augas con chapas de fibrocemento.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Conxunto de Vivendas na Praza da Pescadería
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.520 Y 4.800.497

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura mariñeira
CRONOLOXÍA: Principios século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivendas/ Hosteleiro
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Agrupación de casas mariñeiras de dous andares entre medianeiras, a gran maioría son de fachada lisa e outra ten un corredor de pedra e ferro. Trátase de vivendas estreitas, de reducidas dimensións, sinxelas pero con encanto. Os muros atópanse enfuscados e pintados en cores alegres e as cubricións realízanse a dúas augas. Os vans posúen unha disposición regular, unha porta e unha ventá en planta baixa e dúas ventás na planta superior. As carpinterías tradicionais eran de madeira que se substituíron na maioría dos casos por carpinterías de aluminio. Unha das vivendas posúe un corredor de pedra formado por lousas introducidas no muro de pedra, no andar superior. Cóbrese coa prolongación da cuberta sen esteos, e a balaustrada é de ferro. A estrutura resólvese con muros de cachotería de xisto ós que se lles suprimiu o enfuscado, e cantería á vista en linteis e marcos de ocos. En planta baixa, unha porta central e unha ventá con carpintería de madeira e contras cara ó exterior. Na planta superior dúas portasdaire completan o conxunto.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda na Rúa de Linares Rivas, Nº15
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.622 Y 4.800.197

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-E4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura racionalista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda/ Hosteleiro
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras de planta rectangular e cubrición a dúas augas. A planta baixa resultou modificada coa incorporación dun local comercial que abriu unha ampla ventá. Ademais sitúase a porta de acceso á vivenda no lateral, con carpintería de aluminio. Utilizouse un único material de revestimento cunha cor que trata de estar integrada coas cores utilizadas na planta superior. A planta superior posúe un balcón todo ó longo da fachada, de gran sinxeleza formal e liñas depuradas, cun antepeito cego de formigón. Nun extremo posúe liñas rectas e no outro destaca a forma curva. O lateral recto péchase con carpinterías de directriz vertical que ó xuntalas domina a horizontalidade. O tramo curvo consta dunha varanda realizada con barras de ferro de sección circular. A saída a este balcón efectúase a través dunha porta aberta no cerramento, con lintel de formas rectas. Nos paramentos destaca a cor marcando as liñas horizontais, e exentos de elementos decorativos. A cornixa con voo de liñas simples e depuradas e realizada en formigón, remata a fachada.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa Portales, N°7
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.516 Y 4.800.452

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Séculos XIX- XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras que se corresponde coa tipoloxía de “casa mariñeira”. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. Os vans posúen unha disposición regular, na planta baixa so posúe unha porta e unha ventá cos linteis en forma de arco rebaixado. Na planta superior ábreanse dúas portasdaire con balcóns executados con lousas de pedra introducidas no muro, e balastradas de ferro ornamentais. Os muros están enfoscados e pintados en cores alegres. As carpinterías son de madeira coas contras cara o exterior. A cubrición resólvese a dúas augas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa Portales, N°9
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.515 Y 4.800.456

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Séculos XIX- XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras que se corresponde coa tipoloxía de “casa mariñeira”. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. Os vans posúen unha disposición regular, na planta baixa so posúe unha porta e unha ventá cos linteis en forma de arco rebaixado. Na planta superior ábrese dúas portasdaire con balcóns executados con lousas de pedra introducidas no muro, e balastradas de ferro ornamentais. Os muros están enfoscados e pintados en cores alegres. As carpinterías son de madeira coas contras cara o exterior. A cubrición resólvese a dúas augas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa Portales, N°6
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.527 Y 4.800.454

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras, de fachada lisa. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. A cubrición resólvese a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular e sinxela, en planta baixa so posúe unha porta e unha ventá. Na planta superior ábrese dúas portasdaires con varandas de balaústres torneados de formigón situados na liña de paramento. Constan ademais de linteis con motivos ornamentais. Os muros atópanse enfuscados e pintados con alegre colorido coas carpinterías e recercados destacando en branco. O zócalo diferénciase coa utilización doutro material e a cornixa superior posúe un voo destacable.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa Portales, N°8
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.525 Y 4.800.457

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras, de fachada lisa. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. A cubrición resólvese a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular e sinxela, en planta baixa so posúe unha porta e unha ventá. Na planta superior ábrese dúas pequenas ventás que antes posuían maior tamaño e ás que se lles realizou un antepeito mediante o cerramento de fachada. Conserváronse os linteis con motivos ornamentais. As carpinterías tradicionais substituíronse por unhas de aluminio. Os muros atópanse enfoscados e coa pintura en estado lamentable. O zócalo diferénciase coa utilización doutro material e a cornixa superior posúe un voo destacable.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa da Igrexa, N°17
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.518 Y 4.800.426

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Vivenda de tres andares, entre medianeiras, de planta rectangular moi alongada e estreita, e cubrición a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular e simétrica cunha estrutura de tres eixes. En planta baixa sitúase a porta de acceso en posición central con unha ventá a cada lado, os tres vans con linteis rectos. Na planta superior sitúase unha porta en posición central que se abre a un balcón con varanda de balaústres torneados de formigón. Ós lados dispóñense dúas galerías con antepeitos de formigón con ornamentación de tipo xeométrica. As carpinterías sepáranse mediante columnas con capiteis decorados con motivos vexetais e protéxense cunha cornixa con voo. O terceiro andar caracterízase pola existencia dun balcón corrido todo ó longo da fachada que sobresa nos esquinais, enriba das galerías. A varanda posúe os mesmos balaústres torneados de formigón que se localizan no segundo andar. No paramento, tres portas con linteis rectos. A fachada remátase cunha cornixa en voo con pequenas ménsulas decorativas. Os cerramentos son lisos e atópanse enfuscados e pintados en branco, co zócalo noutro material e as molduras tanto verticais como horizontais destacadas nunha alegre cor.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa da Igrexa, Nº21
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.508 Y 4.800.420

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, entre medianeiras, con corredor. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. A cubrición resólvese a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular e sinxela, en planta baixa so posúe unha porta de madeira e unha ventá con carpintería de aluminio. No segundo andar ábreanse dúas portas a un corredor apoiado sobre ménsulas e que ocupa o ancho de fachada. Ademais posúe varandas de balaústres torneados de formigón. As portas constan de carpintería de madeira e linteis con formas rectas. A planta superior posiblemente se corresponda cun engadido posterior executado sobre a cornixa de cuberta. Os muros atópanse enfuscados e pintados en cor branca, destacando os linteis dos ocios pintados con máis colorido, así como o zócalo.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Vivenda na Rúa de Linares Rivas, Nº13
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.9

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.621 Y 4.800.203

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-E4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura racionalista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda/ Hosteleiro
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras de planta rectangular e cubrición a dúas augas. A planta baixa atópase moi modificada coa existencia dun local comercial que dispuxo dunha ampla ventá con carpintería de aluminio. Ademais sitúase a porta de acceso á vivenda no lateral, de madeira. Utilizáronse varios materiais de revestimento de fachada e outros elementos que modificaron a imaxe tradicional deste andar. A planta superior posúe un balcón pechado con carpintería, todo ó longo da fachada, de liñas rectas e depuradas. A pesar de que as ventás son de directriz vertical, no conxunto domina a horizontalidade. Consta de antepeito cego e cornixa con voo, todo realizado en formigón, con gran sinxeleza formal. As carpinterías orixinarias substituíronse por unhas de aluminio con persianas cara ó exterior. A cor do paramento utilízase como recurso estético.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa da Igrexa, Nº24
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.10

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.504 Y 4.800.431

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares que se encontra compartindo unha das medianeiras con outra edificación. Posúe planta rectangular, e cubrición a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular e sinxela, consta dunha estrutura de tres eixes. En planta baixa sitúase a porta de acceso en posición central, con dúas ventás, unha a cada lado. Na planta superior ábreanse tres portas con balcóns de formigón. O central sobresaie máis que os laterais. Os tres posúen varandas de balaústres torneados de formigón. Todas as carpinterías son de madeira e pintadas en cor alegre, a excepción da porta de acceso que se substituíu por unha de aluminio. Os linteis sobre os ocós de planta superior posúen unha lixeira decoración de tipo vexetal. Os muros atópanse enfoscados e pintados en cor branca, co zócalo en cor escura. A cornixa superior voa de maneira considerable.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°13
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.11

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.543 Y 4.800.373

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, entre medianeiras, que comparte características coa edificación anexa. Trátase dunha planta rectangular, estreita e cubrición a dúas augas. En planta baixa so posúe unha porta e unha ventá. No segundo andar destaca un balcón corrido de gran sinxeleza formal e liñas depuradas. Consta dun antepeito cego de formigón e tres estreitas ventás protexidas por unha cornixa. O terceiro andar sitúase desprazado formando unha terraza coa varanda de formigón na liña de paramento. Consta tamén dunha zona superior con varanda de ferro de liñas simples. Os paramentos están exentos de elementos decorativos. Neles solo destaca a cor, marcando as liñas horizontais en branco. A cornixa con voo e realizada en formigón remata a fachada.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°15
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.12

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.541 Y 4.800.377

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Vivenda de tres andares, entre medianeiras, que comparte características coa edificación anexa, de formas máis simples. Trátase dunha planta rectangular, estreita e cubrición a dúas augas. En planta baixa so posúe unha porta e unha ventá con linteis rectos decorados. No segundo andar destaca unha galería, cunha profusa ornamentación, que ocupa toda a fachada. Consta dun antepeito de formigón con capiteis con motivos vexetais. No tramo central sitúanse tres estreitas ventás no fronte e dúas nos laterais, separadas por columnas de formigón con capiteis cunha decoración de volutas. Na zona superior sitúase unha cornixa con decoración de tipo xeométrico. O terceiro andar sitúase desprazado formando unha terraza compartida coa vivenda anexa. Posúe un antepeito de formigón na liña de paramento, cunha zona superior con varanda de ferro de liñas simples e paramentos exentos de elementos decorativos. A fachada está pintada nunha cor alegre onde destacan os elementos ornamentais e as liñas horizontais en branco. A cornixa con voo e realizada en formigón remata a fachada.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°17
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.13

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.539 Y 4.800.380

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras, de planta rectangular moi alongada e estreita, e cubrición a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular, sinxela e simétrica. En planta baixa sitúase a porta de acceso e unha ventá. Na planta superior ábrese dúas portas a dous balcóns de formigón apoiados sobre ménsulas cunha ornamentación de tipo vexetal. Os dous posúen varandas de balaústres torneados de formigón de formas simples. Os linteis teñen forma rectangular con decoración. O remate de fachada realízase mediante un elemento que marca a horizontalidade e destaca pola súa profusa ornamentación situada entre machóns de formigón. Os cerramentos lisos atópanse enfoscados e pintados nunha cor alegre, co zócalo en cor escura e os elementos ornamentais en branco.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°19
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.14

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.538 Y 4.800.385

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, entre medianeiras, de planta rectangular moi alongada e estreita, e cubrición a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular, sinxela e simétrica. En planta baixa sitúase a porta de acceso e unha ventá con balaústres de formigón no antepeito. Na planta superior ábreanse dúas portas a dous balcóns de formigón apoiados sobre ménsulas cunha ornamentación de tipo vexetal. Os dous posúen varandas de balaústres torneados de formigón. Os linteis das portas únense ás ménsulas ornamentais que suxeitan os balcóns do terceiro andar. Éstos balcóns configúranse do mesmo xeito que os do segundo andar, os linteis das portas carecen de decoración. A fachada remata cunha cornixa en voo. Os cerramentos son lisos e atópanse enfuscados e pintados nunha cor alegre, co zócalo noutro material e os elementos ornamentais en branco.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°31
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.15

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.527 Y 4.800.422

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Séculos XIX- XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, entre medianeiras que se corresponde coa tipoloxía de “casa mariñeira”. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. Os vans posúen unha disposición regular, na planta baixa so posúe unha porta e unha ventá cos linteis en forma de arco rebaixado. Na planta superior ábreanse dúas portasdaire con balcóns executados con lousas de pedra introducidas no muro, e balaustradas de ferro ornamentais. O último andar posúe unha galería de madeira que recorre a fachada e que contén motivos decorativos. Os muros están enfoscados e pintados e as carpinterías execútanse con madeira pintada. A cubrición resólvese a dúas augas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°33
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.16

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.526 Y 4.800.425

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura mariñeira
CRONOLOXÍA: Século XIX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda que se corresponde coa tipoloxía denominada "arquitectura popular mariñeira". Posúe planta rectangular entre medianeiras e reducida superficie. Consta de dous andares, a planta baixa na que so se abre a porta e unha ventá, e a planta superior que se caracteriza pola existencia dun corredor de madeira todo ó longo da fachada. Este corredor apóiase sobre tres canzorros de madeira, e tres esteos sosteñen a cuberta, entre eles colócase a varanda de madeira constituída por balaústres torneados. Os laterais péchanse nun dos costais con vidro e no outro cun muro cego. No paramento de fachada atópanse dúas portas que comunican co corredor. Os muros están enfoscados e os linteis e marcos dos ocos son de madeira. As carpinterías sitúanse na liña de paramento coas contras cara ó exterior.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°36
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.17

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.524 Y 4.800.430

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Séculos XIX- XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, formando o remate en esquina da mazá. Correspóndese coa tipoloxía de "casa mariñeira" de fachada lisa. Posúe planta rectangular, con dúas fachadas. Os vans posúen unha disposición regular, en planta baixa ábreñse dúas portas, unha no esquinaleiro, e unha ventá, todas elas de madeira e linteis con forma de arco rebaxado. Na planta superior ábreñse dúas portas dándose a cada fachada. Caracterízanse por posuír balaustradas de ferro con motivos decorativos, situadas na liña de paramento. No último andar atópanse outras dúas ventás en cada lateral, de grandes dimensións. Os muros atópanse enfoscados e pintados en cores claras, coas carpinterías, os recercados de ocios e unhas liñas marcando os forxados, pintadas en alegres coloridos.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°12
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.18

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.547 Y 4.800.387

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, entre medianeiras de planta rectangular e cubrición a dúas augas. Os vans posúen unha disposición regular, na planta baixa posúe unha porta e unha ventá con antepeito realizado en ferro e motivos ornamentais de tipo xeométrico. Na planta superior ábrese dúas portas con balcóns de formigón de liñas rectas e molduras horizontais. Constan dun antepeito cego cunha zona de balaustrada de ferro como a de planta baixa. Os linteis son rectos con escasa decoración. A planta superior posúe un balcón pechado con carpintería, todo ó longo da fachada, de liñas rectas e depuradas. A pesar de que as ventás son de directriz vertical, no conxunto domina a horizontalidade. Consta de antepeito cego e cornixa con voo, todo realizado en formigón, con gran sinxeleza formal. As carpinterías son de madeira e os muros atópanse pintados en cores alegres destacando as liñas horizontais en branco.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, N°18
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.19

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.542 Y 4.800.405

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Vivenda de catro andares, formando o remate en esquina da mazá e compartindo medianeira con outra edificación. Posúe planta rectangular, estreita e cubrición a dúas augas. Os dous primeiros andares posúen unha disposición regular, os dous superiores carecen de interese e posiblemente sexan engadidos posteriores. En planta baixa so posúe unha porta e unha ventá con linteis rectos de formigón lixeiramente ornamentados. No segundo andar destaca un balcón corrido con antepeito de formigón e de ferro. Ábrense unha porta e unha ventá cos mesmos linteis que a planta baixa. As carpinterías tradicionais de madeira substituíronse por unhas de aluminio. Nos dous seguintes andares sitúanse dúas ventás rectangulares diferentes entre elas e ó resto, que desvirtúan a imaxe da fachada. Cabe destacar a cornixa en voo sobre pequenas ménsulas decorativas situada entre o terceiro e cuarto andar. Os muros están enfoscados e pintados en branco destacando o zócalo, a cornixa, os esquinais e os linteis pintados con alegre colorido.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, Nº20
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.20

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.540 Y 4.800.408

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Vivenda de catro andares, entre medianeiras, que comparte características coa edificación anexa. Posúe planta rectangular, estreita e cubrición a dúas augas. Os dous primeiros andares posúen unha disposición regular, os dous superiores carecen de interese e posiblemente sexan engadidos posteriores. En planta baixa so posúe unha porta e unha ventá con linteis rectos de formigón lixeiramente ornamentados. No segundo andar destaca un balcón corrido con antepeito de formigón e de ferro. Ábrense unha porta e unha ventá cos mesmos linteis que a planta baixa. As carpinterías tradicionais de madeira consérvanse neste segundo andar, na planta baixa substituíuse a da ventá por unha de aluminio. No terceiro andar ábrese unha porta de madeira cun balcón de formigón sobre ménsulas e con balaustrada de ferro, posúe ademais un lintel recto semellante ós das plantas inferiores. Sen embargo, a súa situación non continúa o esquema compositivo de fachada e xunto á ventá rectangular do cuarto andar, desvirtúan a imaxe orixinaria da edificación. Cabe destacar a cornixa en voo sobre pequenas ménsulas decorativas situada entre os dous últimos pisos. Os muros están enfoscados e pintados en branco destacando o zócalo, a cornixa, os esquinais e os linteis pintados con alegre colorido.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa José Monzo, Nº22
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.21

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.539 Y 4.800.413

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, formando o remate en esquina da mazá e compartindo medianeira con outra edificación. Posúe planta rectangular e cubrición a dúas augas. O primeiro andar posúe unha disposición de vans regular, cunha estrutura de tres eixes. A porta de acceso sitúase nun extremo con dúas ventás ó seu carón. Cabe destacar a composición dos linteis, rectos e cunha profusa decoración, así como o enreixado de ferro das ventás que forma figuras xeométricas. O segundo andar consta de dúas ventás nos extremos destacando a distancia existente entre os ocos da planta baixa e os desta planta. Tamén cabe destacar a pequena cornixa en voo e pintada en cor que separa esta planta da derradeira. O terceiro andar carece de interese e posiblemente se corresponda cun engadido posterior. Consta de dúas ventás rectangulares que non continúan o esquema compositivo de fachada e desvirtúan a imaxe orixinaria da edificación. Os muros están enfoscados e pintados en branco destacando o zócalo, os linteis e recercados de ocos e unhas liñas horizontais pintadas con alegre colorido.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa da Estrela, N°7
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.22

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.561 Y 4.800.403

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, entre medianeiras que se corresponde coa tipoloxía de “casa mariñeira” de fachada lisa. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. Os vans posúen unha disposición regular, na planta baixa so posúe unha porta e unha ventá. Na planta superior ábreanse dúas ventás e outras dúas no último andar, de menor tamaño segundo se ascende en altura. Todas as carpinterías son de madeira e os marcos con forma de arco alintelado. Os muros están enfoscados e pintados en cor alegre. A cubrición resólvese a dúas augas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa da Estrela, N°9
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.23

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.557 Y 4.800.403

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de tres andares, entre medianeiras que se corresponde coa tipoloxía de “casa mariñeira” con balcóns. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. Os vans se dispoñen de maneira regular, na planta baixa so se abren unha porta e unha ventá con enreixado. Na planta superior sitúanse dúas portasdaire con balcóns que posúen balaustrada de ferro ornamental con machóns de cemento pintados. O último andar posúe dúas ventás de menor dimensión con balaústres de cemento no antepeito. Todas as carpinterías son de madeira e os marcos con forma de arco alintelado. Os muros están enfuscados e pintados en cor alegre. A cubrición resólvese a dúas augas.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Conxunto de Vivendas en Calelo Venus, Nº1,3,5,8,10
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.24

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.525 Y 4.800.387

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura mariñeira
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivendas
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Agrupación de casas mariñeiras entre medianeiras, de dous andares e de fachada lisa. Trátase de vivendas estreitas e alongadas, con reducidas dimensións. As cubricións resólvense a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular xerando composicións sobrias e sinxelas. Os ocós son de pequenas dimensións, con carpinterías de madeira na liña de paramento e nalgúns casos, contras de madeira cara ó exterior. En planta baixa dispóñense unha porta e unha ventá e dúas ventás no andar superior. Unha das vivendas posúe portasdaira na planta superior. Outra consta de galerías de madeira nos dous andares, situadas na liña de paramento. Os muros atópanse enfoscados e pintados en cores claras coas carpinterías e recercados en alegres coloridos.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa do Sol, Nº5
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.25

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.587 Y 4.800.378

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura mariñeira
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Sen uso
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras que se corresponde coa tipoloxía de “casa mariñeira” de fachada lisa. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. A cubrición resólvese a dúas augas. A disposición de vans en fachada é regular e sinxela, en planta baixa so posúe unha porta e unha ventá con enreixado ornamental. Na planta superior ábreanse dúas portasdaires con balaustradas de ferro con motivos decorativos, situadas na liña de paramento. Os muros atópanse enfuscados e pintados en cores claras coas carpinterías e recercados en alegres coloridos.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa do Sol, N°9
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.26

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.575 Y 4.800.377

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura mariñeira
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras que se corresponde coa tipoloxía de “casa mariñeira” de fachada lisa. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. A cubrición resólvese a dúas augas con chapas de fibrocemento. A disposición de vans en fachada é regular e sinxela, en planta baixa so posúe unha porta e unha ventá con antepeito ornamental de cemento e motivos decorativos nos linteis. As carpinterías son de madeira, con contras cara ó exterior. Na planta superior reducíronse as dimensións dos ocos mediante un cerramento que pecha os antepeitos. As carpinterías tradicionais substituíronse por unhas de aluminio. Os muros atópanse enfoscados e pintados en cores claras coas carpinterías de planta baixa e o zócalo en cores alegres.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa Lugrís Freire, Nº10
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.27

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.581 Y 4.800.356

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura modernista
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras, de fachada lisa. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. A cubrición resólvese a dúas augas. Os vans posúen unha disposición regular, na planta baixa so posúe unha porta e unha ventá con enreixado. Consta ademais dunhas endiduras decorativas realizadas sobre o paramento. Na planta superior ábrese dúas ventás con xardineiras en ferro e molduras superiores ornamentais executadas en cemento. Todas as carpinterías son de madeira. Os muros están enfuscados e pintados en cor alegre coas molduras e zócalo pintados noutras cores.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa Lugrís Freire, Nº12
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.28

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado

CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.577 Y 4.800.354

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional de carácter urbano
ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura mariñeira
CRONOLOXÍA: Século XX

PROPIETARIO: Particular
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRICIÓN:

Vivenda de dous andares, entre medianeiras que se corresponde coa tipoloxía de “casa mariñeira”. Posúe planta rectangular, estreita e longa e con reducida superficie. Os vans posúen unha disposición regular, na planta baixa ábrese dúas portas de madeira. Na planta superior ábrese dúas portasdaire tamén de madeira. Apréciase a anterior existencia dun balcón de lousas de pedra por unha banda que aínda se atopa no lugar. Os muros están enfuscados e pintados. A cubrición resólvese a dúas augas e consta dunha gran cornixa de remate con motivos decorativos e pintada en cor alegre.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE SADA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casco Histórico do Núcleo de Sada: A Tenencia
Vivenda na Rúa Lugrís Freire, N°14
LUGAR: Sada
PARROQUIA: Santa María de Sada

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3.29

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado


CALIFICACIÓN: Remitido a PEPCH

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

COORD. U.T.M. (H29-ED50): X 560.570 Y 4.800.352

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

OD-Z-D4



ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura tradicional
de carácter urbano

ADSCRICIÓN CULTURAL: Arquitectura mariñeira

CRONOLOXÍA: Séculos XIX- XX

PROPIETARIO: Particular

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

